

XEFATURA DO ESTADO

20843 *LEI 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal. («BOE» 286, do 30-11-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A fraude fiscal é un fenómeno de que derivan graves consecuencias para a sociedade no seu conxunto. Supón unha mingua para os ingresos públicos, o que afecta a presión fiscal que soportan os contribuíntes cumpridores; condiciona o nivel de calidade dos servizos públicos e as prestacións sociais; distorsiona a actividade dos distintos axentes económicos, de modo que as empresas fiscalmente cumpridoras se deben enfrontar á competencia desleal das incumpridoras; en definitiva, a fraude fiscal constitúe o principal elemento de inequidade de todo sistema tributario.

Fronte aos comportamentos defraudatorios, a actuación dos poderes públicos débese encamiñar non só á detección e regularización dos incumprimentos tributarios, senón tamén, e con maior énfase se cabe, a evitar que estes incumprimentos se produzan, facendo fincapé nos aspectos disuasorios da loita contra a fraude, a un tempo que se favorece o cumprimento voluntario das obrigas tributarias.

O fortalecemento do control e a prevención da fraude fiscal é un compromiso do Goberno. En cumprimento do devandito compromiso, o Plan de Prevención da Fraude Fiscal, elaborado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e analizado no Consello de Ministros o 4 de febreiro de 2005, supuxo unha revisión integral dos obxectivos perseguidos na xestión do sistema tributario estatal, con determinación, por un lado, das debilidades deste en relación á detección, regularización e persecución dos incumprimentos tributarios máis graves, e co establecemento, por outro, dun conxunto de medidas coordinadas sobre a base da experiencia práctica que perseguen mellorar a resposta fronte ao fenómeno da fraude tributaria. Ben que é certo que as medidas do devandito plan son de carácter esencialmente operativo e procedemental, así como organizativo e de coordinación, non o é menos que necesitan en certos supostos de modificacións normativas que permitan a súa realización.

II

Esta lei ten por obxecto a aprobación de diversas modificacións normativas destinadas á prevención da fraude fiscal. As devanditas modificacións forman parte na súa maioría do Plan de Prevención da Fraude Fiscal e supoñen a adopción daquelas medidas que pola súa natureza requiren un desenvolvemento normativo con rango de lei.

A presente lei estrutúrase en dous capítulos e nas correspondentes disposicións adicionais, transitorias e derradeiras. O primeiro dos capítulos dedícase á modificación de determinados preceptos da normativa tributaria, mentres que no segundo se modifican outras disposicións legais, que ben que non teñen natureza fiscal, si

poden ter incidencia no cumprimento das obrigas tributarias ou na súa comprobación.

III

As medidas recollidas nesta lei, agrupadas en función da lei afectada, están baseadas na experiencia práctica de loita contra a fraude da Administración tributaria e responden a varias liñas estratéxicas. Por un lado, recóllense un conxunto de medidas tendentes a potenciar as facultades de actuación dos órganos de control, con remoción dos obstáculos procedementais que puidesen prexudicar a eficacia da resposta ao fenómeno da fraude. Así mesmo, recóllense medidas que van permitir unha mellora substancial da información de que dispón a Administración tributaria. Nelas non se persegue tanto aumentar a cantidade ou o volume da información dispoñible como mellorar a calidade desta e a inmediatez na súa utilización, xa que isto resulta clave nunha detección rápida e con éxito das defraudacións tributarias. Tamén é obxectivo desta lei garantir de forma máis eficaz o ingreso efectivo das débedas tributarias, para evitar que unha vez detectada e regularizada a fraude poida quedar frustrado o cobramento da débeda tributaria.

As medidas que esta lei contén están dirixidas a previr os distintos tipos de fraude, o cal constitúe o obxecto do citado plan por seren de especial gravidade. En primeiro lugar, trátase de erradicar as tramas organizadas de defraudación no imposto sobre o valor engadido e no imposto especial sobre determinados medios de transporte. Para este efecto, establécese en relación co imposto sobre o valor engadido un novo suposto de responsabilidade subsidiaria para quen adquira mercadorías procedentes das devanditas tramas, en que se produciu o non-pagamento do imposto nunha fase anterior. Esta é unha medida xa adoptada en países do noso contorno, onde demostrou a súa eficacia cun carácter especialmente preventivo, ao desincentivar a adquisición de mercadorías das tramas organizadas a uns prezos por debaixo mesmo do custo. Téñase en conta que as devanditas tramas provocan graves distorsións nos mercados, especialmente nos prezos daqueles sectores económicos que se viron afectados por elas, ademais de supoñer un grave quebrantamento á Facenda pública.

Por outra banda, idénticas modificacións ás que se propoñen para a súa introdución na normativa reguladora do imposto sobre o valor engadido introdúcense no articulado da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, en que se regula o imposto xeral indirecto canario.

No imposto especial sobre determinados medios de transporte estableceuse a necesidade dun visado previo á matriculación de vehículos usados para comprobar a realidade do valor declarado como base imponible, co cal se impide que se poidan matricular vehículos, xeralmente de gama alta, por prezos anormalmente baixos.

Co fin de non prexudicar as posibilidades de investigación en relación cos delitos contra a Facenda pública, suprímese o trámite de audiencia previo á remisión do expediente á vía xudicial. A existencia deste trámite supoñía a concesión dun privilexio á delincuencia fiscal respecto doutros tipos de delincuencia, pois en ningún outro delito de carácter público se condiciona a correspondente denuncia ou querela a un trámite de audiencia previa ao interesado.

Finalmente, a eficacia da investigación da fraude nos casos en que existan indicios de delito aconsella homoxeneizar a actuación da Administración tributaria co resto de órganos administrativos, con supresión do trámite de audiencia previa á denuncia.

Outro dos grandes referentes desta lei é a fraude no sector inmobiliario, en que as novidades se dirixen á obtención de información que permita un mellor segui-

mento das transmisións e do emprego efectivo que se faga dos bens inmoables. Para iso establécese a obrigatorio da consignación do número de identificación fiscal (NIF) e dos medios de pagamento empregados nas escrituras notariais relativas a actos e contratos sobre bens inmoables. A efectividade destas prescricións queda garantida ao se fixar como requisito necesario para a inscrición no Rexistro da Propiedade de tales escrituras. Esta figura do pechamento rexistral ante incumprimentos de obrigas de orixe fiscal non constitúe en ningún caso unha novidade no noso ordenamento. Debemos recordar, en efecto, que a normativa vixente xa prevé a figura do peche rexistral en relación, por exemplo, coas declaracións do imposto sobre transmisións patrimoniais e do imposto sobre sucesións e doazóns. Por outro lado, exíxese tamén a consignación da referencia catastral nos contratos de subministración de enerxía eléctrica e de arrendamento, ou nos de cesión de uso de bens inmoables, para permitir a súa correcta identificación.

A seguinte área de actuación que aborda esta lei refírese á prevención da fraude que se ampara na falta de información e na opacidade propia dos paraísos fiscais e doutros territorios de nula tributación. Para iso, o réxime actual da lista de paraísos fiscais establecido no Real decreto 1080/1991, do 5 de xullo, complementouse con outros dous conceptos: nula tributación e efectivo intercambio de información tributaria. Con esta modificación proporciónaselle ao lexislador a flexibilidade que require unha realidade tan cambiante como é a fiscalidade internacional; en tal sentido permítese que a norma interna de cada tributo se remita no futuro a un ou a varios dos conceptos definidos para combater así, de xeito máis eficaz e eficiente, as operacións que se realizan cos países ou territorios elixidos polo contribuínte pola súa nula tributación ou polas súas limitacións á hora de intercambiar información. De acordo co anterior esquema, fórmulase unha presunción de residencia de entidades teoricamente domiciliadas en territorios de nula tributación ou paraísos fiscais cando a maior parte dos seus activos se atopan en territorio español, ou modifícase a base imponible derivada da venda de sociedades titulares de inmoables en España por parte de residentes en territorios con que non exista un efectivo intercambio de información. Así mesmo, establécese a posibilidade de actuar directamente fronte aos depositarios ou xestores de bens de residentes en paraísos fiscais para facer efectiva a súa responsabilidade solidaria respecto das débedas tributarias destes últimos.

No ámbito da reacción fronte ás estratexias de fraude en fase recadatoria, destaca esencialmente a tipificación legal, como suposto de responsabilidade tributaria, dunha medida antiabuso baseada na construción xurisprudencial do levantamento do veo. Esta medida engárzase directamente cos límites e requisitos que a xurisprudencia do Tribunal Supremo perfilou, coa única excepción da súa nova configuración ao amparo da autotutela administrativa, como propios dun suposto de responsabilidade subsidiaria. A introdución desta medida antiabuso permítille á Facenda pública reaccionar contra determinadas estratexias fraudulentas enquistadas no noso sistema e tendentes a conseguir, cando non a exoneración de facto das obrigas contributivas, un atraso elevadísimo no seu cumprimento ao ter que acudir á tutela xudicial en fase declarativa. Pola súa banda, as modificacións introducidas no ámbito da responsabilidade polo pagamento das débedas tributarias, ante as condutas tendentes a dificultar o seu cobramento, configuran correctamente o ámbito desta responsabilidade impedindo que determinados comportamentos obstrucionistas poidan quedar impunes.

Así mesmo, e coa finalidade de reducir a litixiosidade entre os contribuíntes e a Administración tributaria, introdúcese diversas modificacións na Lei 58/2003, do 17 de

decembro, xeral tributaria. En primeiro lugar modifícase o artigo 155 da citada lei co obxecto de flexibilizar o réxime preestablecido nesta norma ao regular as actas con acordo, permitindo que con relación aos seus pagamentos se poida facer tamén o aprazamento ou fraccionamento, que en todo caso deberá quedar garantido, de forma taxada, mediante aval ou certificado de seguro de caución. No mesmo sentido, e co obxecto de facilitar o pagamento, modifícase o artigo 188 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, polo que se regula a redución das sancións pecuniarias, de forma que se habilita tamén o pagamento mediante aprazamento ou fraccionamento, que en todo caso deberá quedar garantido con aval ou certificado de seguro de caución.

Mención específica merece a reforma do réxime de operacións vinculadas tanto na imposición directa como indirecta.

Polo que afecta á imposición directa, a dita reforma ten dous obxectivos. O primeiro referente á valoración destas operacións segundo prezos de mercado, polo que desta forma se enlaza co criterio contable existente que resulta de aplicación no rexistro en contas anuais individuais das operacións reguladas no artigo 16 do Texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo. Neste sentido, o prezo de adquisición polo cal se han de rexistrar contablemente estas operacións débese corresponder co importe que sería acordado por persoas ou entidades independentes en condicións de libre competencia, entendendo por este o valor de mercado, se existe un mercado representativo ou, no seu defecto, o derivado de aplicar determinados modelos e técnicas de xeral aceptación e en harmonía co principio de prudencia.

En definitiva, o réxime fiscal das operacións vinculadas recolle o mesmo criterio de valoración que o establecido no ámbito contable. En tal sentido a Administración tributaria podería corrixir o devandito valor contable cando determine que o valor normal de mercado difire do acordado polas persoas ou entidades vinculadas, con regulación das consecuencias fiscais da posible diferenza entre ambos os dous valores.

O segundo obxectivo é adaptar a lexislación española en materia de prezos de transferencia ao contexto internacional, en particular ás directrices da OCDE sobre a materia e ao Foro Europeo sobre Prezos de Transferencia, á luz da cal se debe interpretar a normativa modificada. Deste xeito, homoxenízase a actuación da Administración tributaria española cos países do noso contorno, ao mesmo tempo que se dota as actuacións de comprobación dunha maior seguranza ao se regular a obriga de ser documentada polo suxeito pasivo a determinación do valor de mercado que se acordou nas operacións vinculadas en que intervéen.

O correspondente desenvolvemento regulamentario establecerá a documentación que deberá estar á disposición da Administración tributaria para estes efectos. As obrigas específicas de documentación deberán responder ao principio de minoración do custo de cumprimento, garantíndolle a un tempo á Administración tributaria o exercicio das súas facultades de comprobación nesta materia, especialmente naquelas operacións susceptibles de ocasionar prexuízo económico para a Facenda pública. Para iso, o futuro desenvolvemento regulamentario poderá fixar excepcións ou modificacións da obriga xeral de documentación, de acordo coas características dos grupos empresariais, as empresas ou as operacións vinculadas, en particular cando a exixencia de determinadas obrigas documentais puidese dar lugar a uns custos de cumprimento desproporcionados.

Por outro lado, con esta reforma tamén se fomentan os mecanismos de colaboración dos contribuíntes coa Administración tributaria ao flexibilizar o réxime dos acordos previos de valoración e introducir unha regula-

ción legal específica dos procedementos amigables que permita un futuro desenvolvemento regulamentario destes.

No tocante ao imposto sobre o valor engadido, a nova redacción do artigo 79.cinco da súa lei reguladora pretende a súa mellor adecuación ao dereito comunitario, aclarando tanto os supostos en que procede alterar a contraprestación pactada polas partes, que serán aqueles en que exista unha incidencia real na recadación final do tributo, como a valoración das operacións que se ten que realizar nestes casos, que se fixa no valor de mercado.

Finalmente recóllense outras medidas destinadas a previr distintas manifestacións de fraude. Así, establécese como instrumento de control da facturación dos empresarios en réxime de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas unha retención á conta cando operen aqueles con outros empresarios ou profesionais. Con carácter máis xeral ampliáanse os efectos da revogación do número de identificación fiscal (NIF) e outórgase a necesaria habilitación para que se determinen regulamentariamente os casos en que a achega dos libros e rexistros fiscais se deba efectuar telematicamente e de forma periódica.

CAPÍTULO I

Normas tributarias

SECCIÓN 1.^a IMPOSTOS DIRECTOS

Artigo primeiro. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir da entrada en vigor desta lei, introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo:

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 8, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Consideraranse residentes en territorio español as entidades en que conorra algún dos seguintes requisitos:

- a) Que se constituísen conforme as leis españolas.
- b) Que teñan o seu domicilio social en territorio español.
- c) Que teñan a súa sede de dirección efectiva en territorio español.

Para estes efectos, entenderase que unha entidade ten a súa sede de dirección efectiva en territorio español cando nel radique a dirección e control do conxunto das súas actividades.

A Administración tributaria poderá presumir que unha entidade radicada nalgún país ou territorio de nula tributación, segundo o previsto no punto 2 da disposición adicional primeira da Lei de medidas para a prevención da fraude fiscal, ou considerado como paraíso fiscal, ten a súa residencia en territorio español cando os seus activos principais, directa ou indirectamente, consistan en bens situados ou dereitos que se cumpran ou exerzan en territorio español, ou cando a súa actividade principal se desenvolva neste, salvo que a devandita entidade acredite que a súa dirección e efectiva xestión teñen lugar naquel país ou territorio, así como que a constitución e operativa da entidade responde a motivos económicos válidos e razóns empresariais substan-

tivas distintas da simple xestión de valores ou outros activos.»

Dous. Modifícase o artigo 16, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 16. *Operacións vinculadas.*

1. 1.º As operacións efectuadas entre persoas ou entidades vinculadas valoraranse polo seu valor normal de mercado. Entenderase por valor normal de mercado aquel que acordasen persoas ou entidades independentes en condicións de libre competencia.

2.º A Administración tributaria poderá comprobar que as operacións realizadas entre persoas ou entidades vinculadas se valoraron polo seu valor normal de mercado e efectuará, se é o caso, as correccións valorativas que procedan respecto das operacións suxeitas a este imposto, ao imposto sobre a renda das persoas físicas ou ao imposto sobre a renda de non-residentes que non fosen valoradas polo seu valor normal de mercado, coa documentación achegada polo suxeito pasivo e os datos e a información de que dispoña. A Administración tributaria quedará vinculada polo devandito valor en relación co resto de persoas ou entidades vinculadas.

A valoración administrativa non determinará a tributación por este imposto nin, se é o caso, polo imposto sobre a renda das persoas físicas ou polo imposto sobre a renda de non-residentes dunha renda superior á efectivamente derivada da operación para o conxunto das persoas ou entidades que a realizasen. Para efectuar a comparación terase en conta aquela parte da renda que non se integre na base imponible por resultar de aplicación algún método de estimación obxectiva.

2. As persoas ou entidades vinculadas deberán manter ao dispor da Administración tributaria a documentación que se estableza regulamentariamente.

3. Consideraranse persoas ou entidades vinculadas as seguintes:

- a) Unha entidade e os seus socios ou partícipes.
- b) Unha entidade e os seus conselleiros ou administradores.
- c) Unha entidade e os cónxuxes ou persoas unidas por relacións de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao dos socios ou partícipes, conselleiros ou administradores.
- d) Dúas entidades que pertencen a un grupo.
- e) Unha entidade e os socios ou partícipes doutra entidade, cando ambas as dúas entidades pertencen a un grupo.
- f) Unha entidade e os conselleiros ou administradores doutra entidade, cando ambas as dúas entidades pertencen a un grupo.
- g) Unha entidade e os cónxuxes ou persoas unidas por relacións de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao dos socios ou partícipes doutra entidade cando ambas as dúas sociedades pertencen a un grupo.
- h) Unha entidade e outra entidade participada pola primeira indirectamente en, polo menos, o 25 por 100 do capital social ou dos fondos propios.
- i) Dúas entidades nas cales os mesmos socios partícipes ou os seus cónxuxes, ou persoas unidas por relacións de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao, participen, directa ou indirectamente, en polo menos o 25 por 100 do capital social ou dos fondos propios.

j) Unha entidade residente en territorio español e os seus establecementos permanentes no estranxeiro.

k) Unha entidade non residente en territorio español e os seus establecementos permanentes no mencionado territorio.

l) Dúas entidades que formen parte dun grupo que tribute no réxime dos grupos de sociedades cooperativas.

Nos supostos en que a vinculación se defina en función da relación socios ou partícipes-entidade, a participación deberá ser igual ou superior ao 5 por 100, ou ao 1 por 100 se se trata de valores admitidos a negociación nun mercado regulado. A mención aos administradores incluírá os de dereito e os de feito.

Existe grupo cando varias sociedades constitúan unha unidade de decisión segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da súa residencia e da obriga de formular contas anuais consolidadas.

4. 1.º Para a determinación do valor normal de mercado aplicarase algún dos seguintes métodos:

a) Método do prezo libre comparable, polo que se compara o prezo do ben ou servizo nunha operación entre persoas ou entidades vinculadas co prezo dun ben ou servizo idéntico ou de características similares nunha operación entre persoas ou entidades independentes en circunstancias equiparables, efectuando, se for preciso, as correccións necesarias para obter a equivalencia e considerar as particularidades da operación.

b) Método do custo incrementado, polo que se lle engade ao valor de adquisición ou ao custo de produción do ben ou servizo a marxe habitual en operacións idénticas ou similares con persoas ou entidades independentes ou, no seu defecto, a marxe que persoas ou entidades independentes aplican a operacións equiparables, efectuando, se for preciso, as correccións necesarias para obter a equivalencia e considerar as particularidades da operación.

c) Método do prezo de revenda, polo que se subtrae do prezo de venda dun ben ou servizo a marxe que aplica o propio revendedor en operacións idénticas ou similares con persoas ou entidades independentes ou, no seu defecto, a marxe que persoas ou entidades independentes aplican a operacións equiparables, efectuando, se for preciso, as correccións necesarias para obter a equivalencia e considerar as particularidades da operación.

2.º Cando debido á complexidade ou á información relativa ás operacións non se poidan aplicar axeitadamente os métodos anteriores, poderanse aplicar os seguintes métodos para determinar o valor de mercado da operación:

a) Método da distribución do resultado, polo que se lle asigna a cada persoa ou entidade vinculada que realice de forma conxunta unha ou varias operacións a parte do resultado común derivado da devandita operación ou operacións, en función dun criterio que reflecta axeitadamente as condicións que subscribirían persoas ou entidades independentes en circunstancias similares.

b) Método da marxe neta do conxunto de operacións, polo que se lles atribúe ás operacións realizadas cunha persoa ou entidade vinculada o resultado neto, calculado sobre custos, vendas ou a magnitude que resulte máis axeitada en función das características das operacións, que o contribuínte

ou, se é o caso, terceiros obterían en operacións idénticas ou similares realizadas entre partes independentes, efectuando, cando sexa preciso, as correccións necesarias para obter a equivalencia e considerar as particularidades das operacións.

5. A dedución dos gastos en concepto de servizos entre entidades vinculadas, valorados de acordo co establecido no punto 4, estará condicionada a que os servizos prestados produzan ou poidan producir unha vantaxe ou utilidade ao seu destinatario.

Cando se trate de servizos prestados conxuntamente en favor de varias persoas ou entidades vinculadas, e sempre que non fose posible a individualización do servizo recibido ou a cuantificación dos elementos determinantes da súa remuneración, será posible distribuír a contraprestación total entre as persoas ou entidades beneficiarias de acordo cunhas regras de repartición que atendan a criterios de racionalidade. Entenderase cumprido este criterio cando o método aplicado teña en conta, ademais da natureza do servizo e as circunstancias en que este se preste, os beneficios obtidos ou susceptibles de ser obtidos polas persoas ou entidades destinatarias.

6. A dedución dos gastos derivados dun acordo de repartición de custos de bens ou servizos subscrito entre persoas ou entidades vinculadas, valorados de acordo co establecido no punto 4, estará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) As persoas ou entidades participantes que subscriban o acordo deberán acceder á propiedade ou outro dereito que teña similares consecuencias económicas sobre os activos ou dereitos que, se é o caso, sexan obxecto de adquisición, produción ou desenvolvemento como resultado do acordo.

b) A achega de cada persoa ou entidade participante deberá ter en conta a previsión de utilidades ou vantaxes que cada un deles espere obter do acordo en atención a criterios de racionalidade.

c) O acordo deberá recoller a variación das súas circunstancias ou persoas ou entidades participantes, establecendo os pagamentos compensatorios e axustes que se consideren necesarios.

O acordo subscrito entre persoas ou entidades vinculadas deberá cumprir os requisitos que regulamentariamente se fixen.

7. Os suxeitos pasivos poderanlle solicitar á Administración tributaria que determine a valoración das operacións efectuadas entre persoas ou entidades vinculadas con carácter previo á realización destas. A devandita solicitude acompañarase dunha proposta que se fundamentará no valor normal de mercado.

A Administración tributaria poderá formalizar acordos con outras administracións para os efectos de determinar conxuntamente o valor normal de mercado das operacións.

O acordo de valoración producirá efectos respecto das operacións realizadas con posterioridade á data en que se aprobe, e terá validez durante os períodos impositivos que se concreten no propio acordo, sen que poida exceder os catro períodos impositivos seguintes ao da data en que se aprobe. Así mesmo, poderase determinar que os seus efectos abrangan as operacións do período impositivo en curso, así como as operacións realizadas no período impositivo anterior, sempre que non finalizase o prazo voluntario de presentación da declaración polo imposto correspondente.

No suposto de variación significativa das circunstancias económicas existentes no momento da aprobación do acordo da Administración tributaria, este poderá ser modificado para adecualo ás novas circunstancias económicas.

As propostas a que se refire este punto poderanse entender desestimadas unha vez transcorrido o prazo de resolución.

Regulamentariamente fixarase o procedemento para a resolución dos acordos de valoración de operacións vinculadas, así como o das súas posibles prórrogas.

8. Naquelas operacións nas cales o valor convido sexa distinto do valor normal de mercado, a diferenza entre ambos os dous valores terá para as persoas ou entidades vinculadas o tratamento fiscal que lle corresponda á natureza das rendas postas de manifesto como consecuencia da existencia da devandita diferenza.

En particular, nos supostos en que a vinculación se defina en función da relación socios ou participes-entidade, a diferenza terá, na proporción que lle corresponda á porcentaxe de participación na entidade, a consideración de participación en beneficios de entidades se a devandita diferenza fose a favor do socio ou participe, ou, con carácter xeral, de achegas do socio ou participe aos fondos propios se a diferenza fose a favor da entidade.

9. Regulamentariamente regularase a comprobación do valor normal de mercado nas operacións vinculadas conforme as seguintes normas:

1.º A comprobación de valor levarase a cabo no seo do procedemento iniciado respecto do obrigado tributario cuxa situación tributaria vaia ser obxecto de comprobación. Sen prexuízo do disposto no seguinte parágrafo, estas actuacións entenderanse exclusivamente co devandito obrigado tributario.

2.º Se contra a liquidación provisional practicada ao devandito obrigado tributario como consecuencia da corrección valorativa, este interpuxese o correspondente recurso ou reclamación ou instase a taxación pericial contraditoria, notificaráselles a devandita circunstancia ás demais persoas ou entidades vinculadas afectadas, co obxecto de poderen comparecer no correspondente procedemento e presentar as oportunas alegacións.

Transcorridos os prazos oportunos sen que o obrigado tributario interpuxese recurso ou reclamación ou instase a taxación pericial, notificaráselles a valoración ás demais persoas ou entidades vinculadas afectadas, para que quen o desexe poida optar de forma conxunta por promover a taxación pericial ou interpoñer o oportuno recurso ou reclamación. A interposición de recurso ou reclamación ou a promoción da taxación pericial contraditoria interromperá o prazo de prescrición do dereito da Administración tributaria a lle efectuar as oportunas liquidacións ao obrigado tributario; o cómputo do devandito prazo iniciarase de novo cando a valoración practicada pola Administración adquira firmeza.

3.º A firmeza da valoración contida na liquidación determinará a eficacia e firmeza do valor de mercado fronte ás demais persoas ou entidades vinculadas. A Administración tributaria efectuará as regularizacións que correspondan nos termos que regulamentariamente se establezan.

4.º O disposto neste punto será aplicable respecto das persoas ou entidades vinculadas afectadas pola corrección valorativa que sexan suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas ou

establecementos permanentes de contribuíntes do imposto sobre a renda de non-residentes.

5.º O disposto neste punto entenderase sen prexuízo do previsto nos tratados e convenios internacionais que pasasen a formar parte do ordenamento interno.

10. Constitúe infracción tributaria non achegar ou achegar de forma incompleta, inexacta ou con datos falsos a documentación que conforme o previsto no punto 2 deste artigo e na súa normativa de desenvolvemento deban manter á disposición da Administración tributaria as persoas ou entidades vinculadas.

Tamén constitúe infracción tributaria que o valor normal de mercado que derive da documentación prevista neste artigo e na súa normativa de desenvolvemento non sexa o declarado no imposto sobre sociedades, no imposto sobre a renda das persoas físicas ou no imposto sobre a renda de non-residentes.

Esta infracción será grave e sancionarse de acordo coas seguintes normas:

1.º Cando non proceda efectuar correccións valorativas pola Administración tributaria respecto das operacións suxeitas ao imposto sobre sociedades, ao imposto sobre a renda das persoas físicas ou ao imposto sobre a renda de non-residentes, a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 1.500 euros por cada dato e 15.000 euros por conxunto de datos, omitido, inexacto ou falso, referidos a cada unha das obrigas de documentación que se establezan regulamentariamente para o grupo ou para cada entidade na súa condición de suxeito pasivo ou contribuínte.

2.º Cando proceda efectuar correccións valorativas pola Administración tributaria respecto das operacións suxeitas ao imposto sobre sociedades, ao imposto sobre a renda das persoas físicas ou ao imposto sobre a renda de non-residentes, a sanción consistirá en multa pecuniaria proporcional do 15 por cento sobre o importe das cantidades que resulten das correccións valorativas de cada operación, cun mínimo do dobre da sanción que correspondería por aplicación do número 1.º anterior. Esta sanción será incompatible coa que proceda, se é o caso, pola aplicación dos artigos 191, 192, 193 ou 195 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, pola parte de bases que desen lugar á imposición da infracción prevista neste número.

A contía das sancións pecuniarias impostas de acordo co previsto neste número reducirase conforme o disposto no artigo 188.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3.º A contía das sancións pecuniarias impostas de acordo co previsto nos números 1.º e 2.º deste punto reduciranse conforme o disposto no artigo 188.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4.º Cando proceda efectuar correccións valorativas pola Administración tributaria respecto das operacións suxeitas ao imposto sobre sociedades, ao imposto sobre a renda das persoas físicas ou ao imposto sobre a renda de non-residentes sen que se producise o incumprimento que constitúe esta infracción e a devandita corrección orixine falta de ingreso, obtención indebida de devolucións tributarias ou determinación ou acreditación improcedente de partidas que haberá que compensar en declaracións futuras ou se declare incorrectamente a renda neta sen que produza falta de ingreso ou obtención indebida de devolucións por se compensaren nun

procedemento de comprobación ou investigación cantidades pendentes de compensación, dedución ou aplicación, estas condutas non constituirán comisión das infraccións dos artigos 191, 192, 193 ou 195 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, pola parte de bases que desen lugar a corrección valorativa.

5.º As sancións previstas neste punto serán compatibles coa establecida para a resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da Administración tributaria no artigo 203 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, pola desatención dos requirimentos realizados.»

Tres. Modifícase o punto 2 do artigo 17, que queda redactado do seguinte xeito:

«2. As operacións que se efectúen con persoas ou entidades residentes en países ou territorios considerados como paraísos fiscais valoraranse polo seu valor normal de mercado sempre que non determine unha tributación en España inferior á que correspondese por aplicación do valor convido ou un adiamento da devandita tributación.

Os que realicen as operacións sinaladas no parágrafo anterior estarán suxeitos á obriga de documentación a que se refire o artigo 16.2 desta lei coas especialidades que regulamentariamente se establezan.»

Catro. Modifícase o punto 3 do artigo 20, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Os suxeitos pasivos poderanlle someter á Administración tributaria, nos termos do artigo 16.7 desta lei, unha proposta para a aplicación dun coeficiente distinto do establecido no punto 1. A proposta fundamentarase no endebedamento que o suxeito pasivo puidese obter en condicións normais de mercado de persoas ou entidades non vinculadas.

O previsto neste punto non será de aplicación ás operacións efectuadas con ou por persoas ou entidades residentes en países ou territorios considerados como paraísos fiscais.»

Artigo segundo. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo:

Un. Modifícase o punto 3 do artigo 9, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. No caso do pagador de rendementos devengados sen mediación de establecemento permanente polos contribuíntes deste imposto, así como cando se trate do depositario ou xestor de bens ou dereitos non afectos a un establecemento permanente e pertencentes a persoas ou entidades residentes en países ou territorios considerados como paraísos fiscais, as actuacións da Administración tributaria poderanse entender directamente co responsable, ao cal lle será exigible a débeda tributaria, sen que sexa necesario o acto administrativo previo de derivación de responsabilidade, previsto no artigo 41.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Nos restantes supostos, a responsabilidade solidaria exixirase nos termos previstos no artigo 41.5

da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Dous. Modifícase o artigo 10, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 10. *Representantes.*

1. Os contribuíntes por este imposto estarán obrigados a nomear, antes da fin do prazo de declaración da renda obtida en España, unha persoa física ou xurídica con residencia en España, para que os represente ante a Administración tributaria en relación coas súas obrigas por este imposto, cando operen por mediación dun establecemento permanente, nos supostos a que se refiren os artigos 24.2 e 38 desta lei ou cando, debido á contía ou características da renda obtida en territorio español polo contribuínte, así o requira a Administración tributaria.

Esta obriga será, así mesmo, exigible ás persoas ou entidades residentes en países ou territorios con que non exista un efectivo intercambio de información tributaria de acordo co disposto no punto 3 da disposición adicional primeira da Lei de medidas para a prevención da fraude fiscal, que sexan titulares de bens situados ou de dereitos que se cumpran ou exerzan en territorio español, excluídos os valores negociados en mercados secundarios oficiais.

O contribuínte ou o seu representante estarán obrigados a poñer en coñecemento da Administración tributaria o nomeamento, debidamente acreditado, no prazo de dous meses a partir da data deste.

A designación comunicáraselle á Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria en que teñan que presentar a declaración por este imposto. Á comunicación xuntáraselle a expresa aceptación do representante.

2. En caso de incumprimento da obriga de nomeamento que establece o punto anterior, a Administración tributaria poderá considerar representante do establecemento permanente ou do contribuínte a que se refire o artigo 5.c) desta lei a quen figure como tal no Rexistro Mercantil. Se non houber representante nomeado ou inscrito, ou fose persoa distinta de quen estea facultada para contratar en nome daqueles, a Administración tributaria poderá considerar como tal este último.

No caso de incumprimento da obriga de nomeamento de representante exigible ás persoas ou entidades residentes en países ou territorios con que non exista un efectivo intercambio de información tributaria de acordo co disposto no punto 3 da disposición adicional primeira da Lei de medidas para a prevención da fraude fiscal, a Administración tributaria poderá considerar que o seu representante é o depositario ou xestor dos bens ou dereitos dos contribuíntes.

3. O incumprimento da obriga a que se refire o punto 1 considerárase infracción tributaria grave, e a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 2.000 euros.

Cando se trate de contribuíntes residentes en países ou territorios con que non exista un efectivo intercambio de información tributaria de acordo co disposto no punto 3 da disposición adicional primeira da Lei de medidas para a prevención da fraude fiscal, a dita multa ascenderá a 6.000 euros.

A sanción imposta, de acordo co previsto neste punto, reducirase conforme o disposto no artigo 188.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Tres. Modifícase o punto 2 do artigo 11, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Cando non se designase representante, as notificacións practicadas no domicilio fiscal do responsable solidario terán o mesmo valor e producirán iguais efectos que se se lle practicasen directamente ao contribuínte.

A mesma validez, en defecto de designación de representante por parte de persoas ou entidades residentes en países ou territorios con que non exista un efectivo intercambio de información tributaria de acordo co disposto no punto 3 da disposición adicional primeira da Lei de medidas para a prevención da fraude fiscal, e na falta de responsable solidario, terán as notificacións que se poidan practicar no lugar de situación de calquera dos inmobles da súa titularidade.»

Catro. Modifícase o artigo 15, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 15. *Formas de suxeición e operacións vinculadas.*

1. Os contribuíntes que obteñan rendas mediante establecemento permanente situado en territorio español tributarán pola totalidade da renda imputable ao devandito establecemento, calquera que sexa o lugar da súa obtención, de acordo co disposto no capítulo III.

Os contribuíntes que obteñan rendas sen mediación de establecemento permanente tributarán de forma separada por cada remuneración total ou parcial de renda sometida a gravame, sen que sexa posible compensación ningunha entre aquelas e nos termos previstos no capítulo IV.

2. Ás operacións realizadas por contribuíntes por este imposto con persoas ou entidades vinculadas a eles seranlles de aplicación as disposicións do artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.

Para estes efectos, consideraranse persoas ou entidades vinculadas as mencionadas no artigo 16.3 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo. En calquera caso, entenderase que existe vinculación entre un establecemento permanente situado en territorio español coa súa casa central, con outros establecementos permanentes da mencionada casa central e con outras persoas ou entidades vinculadas á casa central ou aos seus establecementos permanentes, xa estean situados en territorio español ou no estranxeiro.

En todo caso, os contribuíntes que obteñan rendas mediante establecemento permanente poderanlle solicitar á Administración tributaria que determine a valoración dos gastos de dirección e xerais de administración que resulten deducibles, conforme o disposto no artigo 16.7 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.»

Cinco. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir da entrada en vigor desta lei, modifícase o artigo 18, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 18. *Determinación da base imponible.*

1. A base imponible do establecemento permanente determinarase conforme as disposicións do réxime xeral do imposto sobre sociedades, sen prexuízo do disposto nos parágrafos seguintes:

a) Para a determinación da base imponible, non serán deducibles os pagamentos que o estable-

cemento permanente lle faga á casa central ou a algún dos seus establecementos permanentes en concepto de canons, xuros, comisións, aboados en contraprestación de servizos de asistencia técnica ou polo uso ou a cesión de bens ou dereitos.

Malia o disposto anteriormente, serán deducibles os xuros aboados polos establecementos permanentes de bancos estranxeiros á súa casa central, ou a outros establecementos permanentes, para a realización da súa actividade.

b) Para a determinación da base imponible será deducible a parte razoable dos gastos de dirección e xerais de administración que corresponda ao establecemento permanente, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1.º Reflexo nos estados contables do establecemento permanente.

2.º Constancia, mediante memoria informativa presentada coa declaración dos importes, criterios e módulos de repartición.

3.º Racionalidade e continuidade dos criterios de imputación adoptados.

Entenderase cumprido o requisito de racionalidade dos criterios de imputación cando estes se baseen na utilización de factores realizada polo establecemento permanente e no custo total dos devanditos factores.

Naqueles casos en que non fose posible utilizar o criterio sinalado no parágrafo anterior, a imputación poderase realizar atendendo á relación en que se atope algunha das seguintes magnitudes:

Cifra de negocios.

Custos e gastos directos.

Investimento medio en elementos de inmovilizado material afecto a actividades ou explotacións económicas.

Investimento medio total en elementos afectos a actividades ou explotacións económicas.

c) En ningún caso resultarán imputables cantidades correspondentes ao custo dos capitais propios da entidade afectos, directa ou indirectamente, ao establecemento permanente.

2. O establecemento permanente poderá compensar as súas bases impositivas negativas de acordo co previsto no artigo 25 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.

3. Cando as operacións realizadas en España por un establecemento permanente non pechen un ciclo mercantil completo determinante de ingresos en España, sendo finalizado este polo contribuínte ou por un ou varios dos seus establecementos permanentes sen que se produza contraprestación ningunha, á parte da cobertura dos gastos orixinados polo establecemento permanente, e sen que se destine a totalidade ou unha parte dos produtos ou servizos a terceiros distintos do propio contribuínte, serán aplicables as seguintes regras:

a) Os ingresos e gastos do establecemento permanente valoraranse segundo as normas do artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, con determinación da débeda tributaria segundo as normas aplicables no réxime xeral do imposto sobre sociedades e no previsto nos puntos anteriores deste artigo.

b) Subsidiariamente, aplicaranse as seguintes regras:

1.^a A base imponible determinarase aplicando a porcentaxe que para estes efectos sinala o minis-

tro de Economía e Facenda sobre o total dos gastos en que se incorreu no desenvolvemento da actividade que constitúe o obxecto do establecemento permanente.

Á devandita cantidade sumarase a contía íntegra dos ingresos de carácter accesorio, como xuros ou canons, que non constitúan o seu obxecto empresarial, así como as ganancias e perdas patrimoniais derivadas dos elementos patrimoniais afectos ao establecemento.

Para os efectos desta regra, os gastos do establecemento permanente computaranse pola súa contía íntegra, sen que sexa admisible minoración ou compensación ningunha.

2.^a A cota íntegra determinarase aplicando sobre a base imponible o tipo de gravame xeral, sen que sexan aplicables nela as deducións e bonificacións reguladas no citado réxime xeral.

4. Tratándose de establecementos permanentes cuxa actividade en territorio español consista en obras de construción, instalación ou montaxe cuxa duración exceda os seis meses, actividades ou explotacións económicas de tempada ou estacionais, ou actividades de exploración de recursos naturais, o imposto exixirase conforme as seguintes regras:

a) Segundo o previsto para as rendas de actividades ou explotacións económicas obtidas en territorio español sen mediación de establecemento permanente nos artigos 24.2 e 25, sendo de aplicación, para estes efectos, as seguintes regras:

1.^a As regras sobre remuneración e presentación de declaracións serán as relativas ás rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente.

2.^a Os contribuíntes quedarán relevados do cumprimento das obrigas contables e rexistras de carácter xeral. Non obstante, deberán conservar e manter á disposición da Administración tributaria os xustificantes dos ingresos obtidos e dos pagamentos realizados por este imposto, así como, se é o caso, das retencións e ingresos á conta practicados e das declaracións relativas a estes.

Así mesmo, estarán obrigados a presentar unha declaración censual e declarar o seu domicilio fiscal en territorio español, así como a comunicar os cambios que se producisen neste ou nos datos consignados naquela.

b) Non obstante, o contribuínte poderá optar pola aplicación do réxime xeral previsto para os establecementos permanentes nos artigos precedentes.

Será obrigatoria, en calquera caso, a aplicación do sistema sinalado na alínea a) anterior cando o establecemento permanente non dispoña de contabilidade separada das rendas obtidas en territorio español.

A opción deberase manifestar ao mesmo tempo de presentar a declaración censual de comezo de actividade.

c) Non resultarán aplicables, en ningún caso, aos contribuíntes que sigan o sistema previsto na alínea a) anterior as regras establecidas nos convenios para evitar a dobre imposición nos supostos de rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente.»

Seis. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir da entrada en vigor desta lei, modifícase

a alínea a) do punto 3 do artigo 19, que queda redactada nos seguintes termos:

«a) Ás rendas obtidas en territorio español a través de establecementos permanentes por entidades que teñan a súa residencia fiscal noutro Estado membro da Unión Europea, salvo que se trate dun país ou territorio considerado como paraíso fiscal.»

Sete. Modifícase o punto 4 do artigo 24, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. A base imponible correspondente ás ganancias patrimoniais determinarase aplicando, a cada alteración patrimonial que se produza, as normas previstas na sección 4.^a do capítulo I do título II, salvo o artigo 31. 2, e no título VIII, salvo o artigo 95.1. a), segundo parágrafo, do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004, do 5 de marzo.

No caso de entidades non residentes, cando a ganancia patrimonial proveña dunha adquisición a título lucrativo, o seu importe será o valor normal de mercado do elemento adquirido.

Tratándose de ganancias patrimoniais a que se refire o artigo 13. 1. i).3.^o desta lei, procedentes da transmisión de dereitos ou participacións en entidades residentes en países ou territorios con que non exista un efectivo intercambio de información tributaria de acordo co disposto no punto 3 da disposición adicional primeira da Lei de medidas para a prevención da fraude fiscal, o valor de transmisión determinarase atendendo proporcionalmente ao valor de mercado, no momento da transmisión, dos bens inmoables situados en territorio español, ou dos dereitos de desfrute sobre os devanditos bens.»

Oito. Engádeselle un novo punto 3 ao artigo 25, co seguinte contido:

«3. Tratándose de ganancias patrimoniais a que se refire o artigo 13. 1. i).3.^o desta lei procedentes da transmisión de dereitos ou participacións en entidades residentes en países ou territorios con que non exista un efectivo intercambio de información tributaria de acordo co disposto no punto 3 da disposición adicional primeira da Lei de medidas para a prevención da fraude fiscal, os bens inmoables situados en territorio español quedarán afectos ao pagamento do imposto.

Non obstante, se o titular dos devanditos bens inmoables fose unha entidade con residencia fiscal en España, quedarán afectos ao pagamento do imposto os dereitos ou participacións na devandita entidade que, directa ou indirectamente, lle correspondan ao contribuínte.»

Nove. Engádesse unha nova disposición adicional primeira, co seguinte contido:

«Disposición adicional primeira. *Procedementos amigables.*

1. Os conflitos que puidesen xurdir con administracións doutros estados na aplicación dos convenios e tratados internacionais resolveranse de acordo cos procedementos amigables previstos nos propios convenios ou tratados, sen prexuízo do dereito a interpoñer os recursos ou reclamacións que puidesen resultar procedentes.

2. A aplicación do acordo alcanzado entre ambas as dúas administracións no ámbito dun procedemento amigable realizarase no momento ou período en que o acordo adquira firmeza, nos termos que regulamentariamente se establezan.

3. Para estes efectos, regulamentariamente establecerase o procedemento para a resolución destes procedementos amigables, así como para a aplicación do acordo resultante.

4. Non se poderá interpoñer recurso ningún contra os citados acordos, sen prexuízo dos recursos previstos contra o acto ou actos administrativos que se diten en aplicación dos devanditos acordos.

5. 1.º Nos procedementos amigables, o ingreso da débeda quedará suspendido automaticamente por instancia do interesado cando se garanta o seu importe, os xuros de mora que xere a suspensión e as recargas que puidesen proceder no momento da solicitude da suspensión, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Non se poderá suspender o ingreso da débeda, de acordo co previsto no parágrafo anterior, mentres se poida solicitar a suspensión en vía administrativa ou xurisdiccional.

2.º As garantías admisibles para obter a suspensión automática a que se refire o número anterior serán exclusivamente as seguintes:

- a) Depósito de diñeiro ou valores públicos.
- b) Aval ou fianza de carácter solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución.

3.º Se os procedementos amigables non se refiren á totalidade da débeda, a suspensión prevista neste punto limitarase ao importe afectado polos procedementos amigables.»

SECCIÓN 2.ª IMPOSTOS INDIRECTOS

Artigo terceiro. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido:

Un. Dáselle nova redacción ao número 3.º do artigo 12, que queda redactado nos seguintes termos:

«3.º As demais prestacións de servizos efectuadas a título gratuito polo suxeito pasivo non mencionadas nos números anteriores deste artigo, sempre que se realicen para fins alleos aos da actividade empresarial ou profesional.»

Dous. Dáselle nova redacción ao punto cinco do artigo 79, que queda redactado como segue:

«Cinco. Cando exista vinculación entre as partes que interveñan nunha operación, a súa base imponible será o seu valor normal de mercado.

A vinculación poderase probar por calquera dos medios admitidos en dereito. Considerarase que existe vinculación nos seguintes supostos:

a) No caso de que unha das partes intervenientes sexa un suxeito pasivo do imposto sobre sociedades ou un contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non-residentes, cando así se deduza das normas reguladoras dos devanditos impostos que sexan de aplicación.

b) Nas operacións realizadas entre os suxeitos pasivos e as persoas ligadas a eles por relacións de carácter laboral ou administrativo.

c) Nas operacións realizadas entre o suxeito pasivo e o seu cónxuxe ou os seus parentes consanguíneos ata o terceiro grao inclusive.

d) Nas operacións realizadas entre unha entidade sen fins lucrativos a que se refire o artigo 2 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, sobre réxime fiscal

das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e os seus fundadores, asociados, patróns, representantes estatutarios, membros dos órganos de goberno, os cónxuxes ou parentes ata o terceiro grao inclusive de calquera deles.

e) Nas operacións realizadas entre unha entidade que sexa empresaria ou profesional e calquera dos seus socios, asociados, membros ou partícipes.

Esta regra de valoración unicamente será aplicable cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o destinatario da operación non teña dereito a deducir totalmente o imposto correspondente a esta, e que a contraprestación pactada sexa inferior á que correspondería en condicións de libre competencia.

b) Cando o empresario profesional que realice a entrega de bens ou prestación de servizos determine as súas deducións aplicando a regra de pro rata e, tratándose dunha operación que non xere o dereito á dedución, a contraprestación pactada sexa inferior ao valor normal de mercado.

c) Cando o empresario ou profesional que realice a entrega de bens ou prestación de servizos determine as súas deducións aplicando a regra de pro rata e, tratándose dunha operación que xere o dereito á dedución, a contraprestación pactada sexa superior ao valor normal de mercado.

Para os efectos desta lei, entenderase por valor normal de mercado aquel que, para adquirir os bens ou servizos en cuestión nese mesmo momento, un destinatario, na mesma fase de comercialización en que se efectúe a entrega de bens ou prestación de servizos, lle debería pagar no territorio de aplicación do imposto en condicións de libre competencia a un provedor independente.

Cando non exista entrega de bens ou prestación de servizos comparable, entenderase por valor de mercado:

a) Con respecto ás entregas de bens, un importe igual ou superior ao prezo de adquisición dos devanditos bens ou bens similares ou, na falta de prezo de compra, ao seu prezo de custo, determinado no momento da súa entrega.

b) Con respecto ás prestacións de servizos, a totalidade dos custos que a súa prestación lle supoña ao empresario ou profesional.

Para os efectos dos dous parágrafos anteriores, será de aplicación, en canto proceda, o disposto no artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.»

Tres. Engádeselle un novo punto cinco ao artigo 87, coa seguinte redacción:

«Cinco. 1. Serán responsables subsidiarios das cotas tributarias correspondentes ás operacións gravadas que teñan que satisfacer os suxeitos pasivos aqueles destinatarios delas que sexan empresarios ou profesionais que deban razoablemente presumir que o imposto repercutido ou que debería ter sido repercutido polo empresario ou profesional que as realiza, ou por calquera dos que efectuaron a adquisición e entrega dos bens de que se trate, non foi nin vai ser obxecto de declaración e ingreso.

2. Para estes efectos, considerarase que os destinatarios das operacións mencionadas no número anterior debían razoablemente presumir que o imposto repercutido ou que debería ter sido repercutido non foi nin será obxecto de declaración

e ingreso, cando, como consecuencia diso, satisfagan por eles un prezo notoriamente anómalo.

Entenderase por prezo notoriamente anómalo:

a) O que sexa sensiblemente inferior ao correspondente aos devanditos bens nas condicións en que se realizou a operación ou ao satisfeito en adquisicións anteriores de bens idénticos.

b) O que sexa sensiblemente inferior ao prezo de adquisición dos devanditos bens por parte de quen efectuou a súa entrega.

Para a cualificación do prezo da operación como notoriamente anómalo, a Administración tributaria estudará a documentación de que dispoña, así como a achegada polos destinatarios, e valorará, cando sexa posible, outras operacións realizadas no mesmo sector económico que garden un alto grao de similitude coa analizada, co obxecto de cuantificar o valor normal de mercado dos bens existente no momento de realización da operación.

Non se considerará como prezo notoriamente anómalo aquel que se xustifique pola existencia de factores económicos distintos á aplicación do imposto.

3. Para a existencia desta responsabilidade, a Administración tributaria deberá acreditar a existencia dun imposto repercutido ou que se debería ter repercutido que non foi obxecto de declaración e ingreso.

4. Unha vez que a Administración tributaria constatase a concorrencia dos requisitos establecidos nos puntos anteriores declarará a responsabilidade conforme o disposto no artigo 41. 5 da Lei 58/2003, xeral tributaria.»

Catro. Engádeselle un novo ordinal 8.º ao artigo 120.un, coa seguinte redacción:

«8.º Réxime especial do grupo de entidades.»

Cinco. Engádeselle un novo capítulo IX ao título IX da lei, coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO IX

Réxime especial do grupo de entidades

Artigo 163 *quinquies*. *Requisitos subxectivos do réxime especial do grupo de entidades.*

Un. Poderán aplicar o réxime especial do grupo de entidades os empresarios ou profesionais que formen parte dun grupo de entidades. Considerarase como grupo de entidades o formado por unha entidade dominante e as súas entidades dependentes, sempre que as sedes de actividade económica ou establecementos permanentes de todas e cada unha delas radiquen no territorio de aplicación do imposto.

Ningún empresario ou profesional poderá formar parte simultaneamente de máis dun grupo de entidades.

Dous. Considerarase como entidade dominante aquela que cumpra os requisitos seguintes:

a) Que teña personalidade xurídica propia. Non obstante, os establecementos permanentes situados no territorio de aplicación do imposto poderán ter a condición de entidade dominante respecto das entidades cuxas participacións estean afectas aos devanditos establecementos, sempre que se cumpran o resto de requisitos establecidos neste punto.

b) Que teña unha participación, directa ou indirecta, de polo menos o 50 por cento do capital doutra ou outras entidades.

c) Que a devandita participación se manteña durante todo o ano natural.

d) Que non sexa dependente de ningunha outra entidade establecida no territorio de aplicación do imposto que reúna os requisitos para ser considerada como dominante.

Tres. Considerarase como entidade dependente aquela que, constituíndo un empresario ou profesional distinto da entidade dominante, se atope establecida no territorio de aplicación do imposto e en que a entidade dominante posúa unha participación que reúna os requisitos contidos nas alíneas b) e c) do punto anterior. En ningún caso un establecemento permanente situado no territorio de aplicación do imposto poderá constituír por si mesmo unha entidade dependente.

Catro. As entidades sobre as que se adquira unha participación como a definida na alínea b) do punto dous anterior integraranse no grupo de entidades con efecto desde o ano natural seguinte ao da adquisición da participación. No caso de entidades de nova creación, a integración producirase, se é o caso, desde o momento da súa constitución, sempre que se cumpran os restantes requisitos necesarios para formar parte do grupo.

Cinco. As entidades dependentes que perdan tal condición quedarán excluídas do grupo de entidades con efecto desde o período de liquidación en que se produza tal circunstancia.

Artigo 163 *sexies*. *Condicións para a aplicación do réxime especial do grupo de entidades.*

Un. O réxime especial do grupo de entidades aplicarase cando así o acorden individualmente as entidades que cumpran os requisitos establecidos no artigo anterior e opten pola súa aplicación. A opción terá unha validez mínima de tres anos, sempre que se cumpran os requisitos exixibles para a aplicación do réxime especial, e entenderase prorrogada, salvo renuncia que se efectuara conforme o disposto no artigo 163 *nonies*.catro.1.ª desta lei. Esta renuncia terá unha validez mínima de tres anos e efectuarase do mesmo modo. En todo caso, a aplicación do réxime especial quedará condicionada á súa aplicación por parte da entidade dominante.

Dous. Os acordos a que se refire o punto anterior deberán ser adoptados polos consellos de administración, ou polos órganos que exerzan unha función equivalente, das entidades respectivas antes do inicio do ano natural en que vaia resultar de aplicación o réxime especial.

Tres. As entidades que a partir deste momento se integren no grupo e decidan aplicar este réxime especial deberán cumprir as obrigas a que se refiren os puntos anteriores antes do inicio do primeiro ano natural en que o devandito réxime sexa de aplicación.

Catro. A falta de adopción en tempo e forma dos acordos a que se refiren os puntos un e dous deste artigo determinará a imposibilidade de aplicar o réxime especial do grupo de entidades por parte das entidades en que falte o acordo, sen prexuízo da súa aplicación, se é o caso, ao resto de entidades do grupo.

Cinco. O grupo de entidades poderá optar pola aplicación do disposto nos puntos un e tres do artigo 163 *octies*; nestes casos deberase cumprir a obriga que establece o artigo 163 *nonies*.catro.3.ª, ambos os dous desta lei.

Esta opción referirase ao conxunto de entidades que apliquen o réxime especial e formen parte do mesmo grupo de entidades, e deberase adoptar conforme o disposto polo punto dous deste artigo.

En relación coas operacións a que se refire o artigo 163 octies.un desta lei, o exercicio desta opción suporá a facultade de renunciar ás exencións reguladas no artigo 20.un desta, sen prexuízo de que resulten exentas, se é o caso, as demais operacións que realicen as entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades. O exercicio desta facultade realizarase cos requisitos, límites e condicións que se determinen regulamentariamente.

Artigo 163 septies. Causas determinantes da perda do dereito ao réxime especial do grupo de entidades.

Un. O réxime especial regulado neste capítulo deixarase de aplicar polas seguintes causas:

1.^a A concorrencia de calquera das circunstancias que, de acordo co establecido no artigo 53 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, determinan a aplicación do método de estimación indirecta.

2.^a O incumprimento da obriga de confección e conservación do sistema de información a que se refire o artigo 163 nonies.catro.3.^a desta lei.

A non-aplicación do réxime especial regulado neste capítulo polas causas anteriormente enunciadas non impedirá a imposición, se é o caso, das sancións previstas no artigo 163 nonies.sete desta lei.

Dous. O cesamento na aplicación do réxime especial do grupo de entidades que se establece no punto anterior producirá efecto no período de liquidación en que concorra algunha destas circunstancias e seguintes, debendo o total das entidades integrantes do grupo cumprir o conxunto das obrigas establecidas nesta lei a partir do devandito período.

Tres. No suposto de unha entidade pertencente ao grupo se atopar ao termo de calquera período de liquidación en situación de concurso ou en proceso de liquidación, quedará excluída do réxime especial do grupo desde o devandito período. O anterior entenderase sen prexuízo de que se continúe aplicando o réxime especial ao resto de entidades que cumpra os requisitos establecidos para o efecto.

Artigo 163 octies. Contido do réxime especial do grupo de entidades.

Un. Cando se exerza a opción que se establece no artigo 163 sexies.cinco desta lei, a base imponible das entregas de bens e prestacións de servizos realizadas no territorio de aplicación do imposto entre entidades dun mesmo grupo que apliquen o réxime especial regulado neste capítulo estará constituída polo custo dos bens e servizos utilizados directa ou indirectamente, total ou parcialmente, na súa realización e polos cales se soportase ou satisfíxese efectivamente o imposto. Cando os bens utilizados teñan a condición de bens de investimento, a imputación do seu custo deberase efectuar por completo dentro do período de regularización de cotas correspondentes aos devanditos bens que establece o artigo 107, puntos un e tres, desta lei.

Non obstante, para os efectos do disposto nos artigos 101 a 119 e 121 desta lei, a valoración destas operacións farase conforme os artigos 78 e 79 desta.

Dous. Cada unha das entidades do grupo actuará, nas súas operacións con entidades que non formen parte do mesmo grupo, de acordo coas regras xerais do imposto, sen que, para tal efecto, o

réxime do grupo de entidades produza efecto ningún.

Tres. Cando se exerza a opción que se establece no artigo 163 sexies.cinco desta lei, as operacións a que se refire o punto un deste artigo constituirán un sector diferenciado da actividade, ao cal se entenderán afectos os bens e servizos utilizados directa ou indirectamente, total ou parcialmente, na realización das citadas operacións e polos cales se soportase ou satisfíxese efectivamente o imposto.

Por excepción ao disposto no parágrafo 4.^o do artigo 101. un desta lei, os empresarios ou profesionais poderán deducir integramente as cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición de bens e servizos destinados directa ou indirectamente, total ou parcialmente, á realización destas operacións, sempre que os devanditos bens e servizos se utilicen na realización de operacións que xeren o dereito á dedución conforme o previsto no artigo 94 desta lei. Esta dedución practicarase en función do destino previsible dos citados bens e servizos, sen prexuízo da súa rectificación se aquel fose alterado.

Catro. O importe das cotas deducibles para cada un dos empresarios ou profesionais integrados no grupo de entidades será o que resulte da aplicación do disposto no capítulo I do título VIII desta lei e as regras especiais establecidas no punto anterior. Estas deducións serán practicadas de forma individual por parte de cada un dos empresarios ou profesionais que apliquen o réxime especial do grupo de entidades.

Determinado o importe das cotas deducibles para cada un dos devanditos empresarios ou profesionais, serán eles os que individualmente exerzan o dereito á dedución conforme o disposto nos devanditos capítulo e título.

Non obstante, cando un empresario ou profesional inclúa o saldo a compensar que resultar dunha das súas declaracións-liquidacións individuais nunha declaración-liquidación agregada do grupo de entidades, non se poderá efectuar a compensación dese importe en ningunha declaración-liquidación individual correspondente a un período ulterior, con independencia de que resulte aplicable ou non con posterioridade o réxime especial do grupo de entidades.

Cinco. En caso de que ás operacións realizadas por algunha das entidades incluídas no grupo de entidades lles for aplicable calquera dos restantes réximes especiais regulados nesta lei, estas operacións seguirán o réxime de deducións que lles corresponda segundo os devanditos réximes.

Artigo 163 nonies. Obrigas específicas no réxime especial do grupo de entidades.

Un. As entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades terán as obrigas tributarias establecidas neste capítulo.

Dous. A entidade dominante exercerá a representación do grupo de entidades ante a Administración tributaria. En tal concepto, a entidade dominante deberá cumprir as obrigas tributarias materiais e formais específicas que derivan do réxime especial do grupo de entidades.

Tres. Tanto a entidade dominante como cada unha das entidades dependentes deberán cumprir as obrigas establecidas no artigo 164 desta lei, excepción feita do pagamento da débeda tributaria ou da solicitude de compensación ou devolución; para tal efecto deberase proceder conforme o disposto na obriga 2.^a do punto seguinte.

Catro. A entidade dominante, sen prexuízo do cumprimento das súas obrigas propias, e cos requi-

sitos, límites e condicións que se determinen regulamentariamente, será responsable do cumprimento das seguintes obrigas:

1.^a Comunicarlle á Administración tributaria a seguinte información:

a) O cumprimento dos requisitos exixidos, a adopción dos acordos correspondentes e a opción pola aplicación do réxime especial a que se refiren os artigos 163 quinquies e sexies desta lei. Toda esta información deberase presentar antes do inicio do ano natural en que se vaia aplicar o réxime especial.

b) A relación de entidades do grupo que apliquen o réxime especial, identificando as entidades que motiven calquera alteración na súa composición respecto á do ano anterior, se é o caso. Esta información deberase comunicar durante o mes de decembro de cada ano natural respecto ao seguinte.

c) A renuncia ao réxime especial, que se deberá exercer durante o mes de decembro anterior ao inicio do ano natural en que deba producir efecto, tanto no relativo á renuncia do total de entidades que apliquen o réxime especial coma en canto ás renunciacións individuais.

d) A opción que se establece no artigo 163 sexies.cinco desta lei, que se deberá exercer durante o mes de decembro anterior ao inicio do ano natural en que deba producir efecto.

2.^a Presentar as declaracións-liquidacións periódicas agregadas do grupo de entidades e proceder, se é o caso, ao ingreso da débeda tributaria ou á solicitude de compensación ou devolución que corresponda. As devanditas declaracións-liquidacións agregadas integrarán os resultados de declaracións-liquidacións individuais das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades.

As declaracións-liquidacións periódicas agregadas do grupo de entidades deberanse presentar unha vez presentadas as declaracións-liquidacións periódicas individuais de cada unha das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades.

O período de liquidación das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades coincidirá co mes natural, con independencia do seu volume de operacións.

Cando, para un período de liquidación, a contía total dos saldos que hai que compensar a favor das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades supere o importe dos saldos que se van ingresar do resto de entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades para o mesmo período de liquidación, o exceso poderá ser compensado nas declaracións-liquidacións agregadas que presenten con posterioridade, sempre que non transcorresen catro anos contados a partir da presentación das declaracións-liquidacións individuais en que se orixine o devandito exceso.

Non obstante, o grupo de entidades poderá optar pola devolución do saldo existente ao seu favor cando resulte procedente en virtude do disposto no capítulo II do título VIII desta lei, sen que en tal caso poida efectuar a súa compensación en declaracións-liquidacións agregadas posteriores, calquera que sexa o período de tempo transcorrido ata que a devandita devolución se faga efectiva. Aos empresarios ou profesionais que opten por aplicar o réxime do grupo non lles será de aplicación o disposto polos artigos 115.dous e 116 desta lei.

En caso de que se deixe de aplicar o réxime especial do grupo de entidades e queden cantidades pendentes de compensación para as entidades integradas no grupo, estas cantidades imputaráselles ás devanditas entidades en proporción ao volume de operacións do último ano natural en que o réxime especial fose de aplicación, aplicando para tal efecto o disposto no artigo 121 desta lei.

3.^a Dispoñer dun sistema de información analítica baseado en criterios razoables de imputación dos bens e servizos utilizados directa ou indirectamente, total ou parcialmente, na realización das operacións a que se refire o artigo 163 octies.un desta lei. Este sistema deberá reflectir a utilización sucesiva dos devanditos bens e servizos ata a súa aplicación final fóra do grupo.

O sistema de información deberá incluír unha memoria xustificativa dos criterios de imputación utilizados, que deberán ser homoxéneos para todas as entidades do grupo e manterse durante todos os períodos en que sexa de aplicación o réxime especial, salvo que se modifiquen por causas razoables, que se deberán xustificar na propia memoria.

Este sistema de información deberase conservar durante o prazo de prescrición do imposto.

Cinco. En caso de que algunha das entidades integradas no grupo de entidades presente unha declaración-liquidación individual extemporánea, aplícanse as recargas e xuros que, se é o caso, procedan conforme o artigo 27 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen que para tales efectos teña incidencia ningunha o feito de que se incluíse orixinariamente o saldo da declaración-liquidación individual, se é o caso, presentada, nunha declaración-liquidación agregada do grupo de entidades.

Cando a declaración-liquidación agregada correspondente ao grupo de entidades se presente extemporaneamente, as recargas que establece o artigo 27 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, aplícanse sobre o seu resultado, sendo responsable do seu ingreso a entidade dominante.

Seis. As entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades responderán solidariamente do pagamento da débeda tributaria derivada deste réxime especial.

Sete. O non-mantemento ou non-conservación do sistema de información a que se refire a obriga 3.^a do punto catro será considerado como infracción tributaria grave da entidade dominante. A sanción consistirá en multa pecuniaria proporcional do 2 por cento do volume de operacións do grupo.

As inexactitudes ou omisións no sistema de información a que se refire a obriga 3.^a do punto catro serán consideradas como infracción tributaria grave da entidade dominante. A sanción consistirá en multa pecuniaria proporcional do 10 por cento do importe dos bens e servizos adquiridos a terceiros a que se refira a información inexacta ou omitida.

De acordo co disposto no punto 3 do artigo 180 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as sancións previstas nos dous parágrafos anteriores serán compatibles coas que procedan pola aplicación dos artigos 191, 193, 194 e 195 da devandita lei. A imposición das sancións establecidas neste punto impedirá a cualificación das infraccións tipificadas nos artigos 191 e 193 da devandita lei como graves ou moi graves polo non-mantemento, mantemento incorrecto ou non-conservación do sistema de información a que se refire a obriga 3.^a do punto catro.

A entidade dominante será suxeito infractor polos incumprimentos das obrigas específicas do

régime especial do grupo de entidades. As demais entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades responderán solidariamente do pagamento destas sancións.

As entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades responderán das infraccións derivadas dos incumprimentos das súas propias obrigas tributarias.

Oito. As actuacións dirixidas a comprobar o axeitado cumprimento das obrigas das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades entenderanse coa súa entidade dominante, como representante. Igualmente, as actuacións poderanse entender coas entidades dependentes, que deberán atender a Administración tributaria.

As actuacións de comprobación ou investigación realizadas a calquera entidade do grupo de entidades interromperán o prazo de prescrición do imposto referente ao total de entidades do grupo desde o momento en que a entidade dominante teña coñecemento formal destas.

As actas e liquidacións que deriven da comprobación deste réxime especial estenderanse á entidade dominante.

Entenderase que concorre a circunstancia de especial complexidade prevista no artigo 150.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cando se aplique este réxime especial.»

Artigo cuarto. *Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais:

Un. Queda derogado o punto 4 do artigo 51.

Dous. Introdúcese un artigo 52 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 52 bis. *Devolución parcial polo gasóleo de uso profesional.*

1. Os titulares dos vehículos citados no punto 2 que cumpran os requisitos establecidos neste terán dereito a unha devolución parcial do imposto sobre hidrocarburos satisfeito ou soportado respecto do gasóleo de uso xeral que fose utilizado como carburante no motor daqueles.

2. Os vehículos a que se refire o punto 1 son os seguintes:

a) Os vehículos de motor ou conxuntos de vehículos acoplados destinados exclusivamente ao transporte de mercadorías por estrada, por conta allea ou por conta propia, e cun peso máximo autorizado igual ou superior a 7,5 toneladas.

b) Os vehículos de motor destinados ao transporte de pasaxeiros, regular ou ocasional, incluídos nas categorías M2 ou M3 das establecidas na Directiva 70/156/CEE do Consello, do 6 de febreiro de 1970, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre a homologación dos vehículos de motor e dos seus remolques.

c) Os taxis. Para estes efectos enténdese por taxi o turismo destinado ao servizo público de viaxeiros baixo licenza municipal e provisto de aparello taxímetro.

3. Os titulares dos vehículos mencionados no punto anterior deberán atopar en posesión do correspondente título administrativo que, se é o caso, habilite para o exercicio da actividade, de acordo co previsto na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e na súa normativa de desenvolvemento. Igualmente, os indica-

dos titulares deberán atopar en posesión dos permisos e autorizacións precisos para o exercicio da súa actividade que deban expedir as autoridades autonómicas ou locais.

Cando se trate de titulares non residentes en territorio español con residencia ou establecemento permanente no resto do territorio da Unión Europea, deberán atopar en posesión das autorizacións administrativas que estableza a normativa do respectivo Estado membro para o exercicio da actividade correspondente.

4. A base da devolución estará constituída polo resultado de multiplicar algún dos coeficientes correctores a que se refire o punto 5 seguinte polo volume de gasóleo que fose adquirido polo interesado e que destinase á súa utilización como carburante nos vehículos mencionados no punto 2 anterior, mesmo contido en mesturas con biocarburantes. A base así determinada expresarase en miles de litros.

5. Co obxecto de tomar en consideración a temperatura media de subministración do gasóleo e o volume medio de biocarburantes presentes no gasóleo, establécense os seguintes coeficientes correctores:

a) Gasóleos de uso xeral diferentes dos comprendidos na alínea b) seguinte: 0,998.

b) Produtos que cumpran as especificacións técnicas do gasóleo de automoción pero que, polo seu contido en biocarburantes e de acordo coa normativa vixente en materia de especificacións técnicas, requiran dunha etiquetaxe específica nos puntos de venda: o coeficiente corrector estará constituído polo resultado de multiplicar a cantidade de gasóleo que tributase ao tipo da epígrafe 1. 3 (expresada en tanto por un) contida no produto, polo factor 0,998522. O valor obtido redondearase ao terceiro decimal.

O ministro de Economía e Facenda poderá revisar, por primeira vez con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2008, o valor do coeficiente corrector establecido na alínea a) anterior e o factor establecido na alínea b) anterior cando sobre a base dos datos dispoñibles se aprecien variacións relevantes dos datos relativos á temperatura media no ámbito territorial interno e á proporción media en que os biocarburantes se atopan finalmente presentes no gasóleo posto a consumo no ámbito territorial interno con aplicación do tipo da epígrafe 1. 3.

6. a) O tipo da devolución, expresado en euros por 1.000 litros, será o importe positivo resultante de restar a cantidade de 269,86 euros do tipo impositivo da epígrafe 1. 3 vixente no momento de se xerar o dereito á devolución.

b) O tipo da devolución poderá ser modificado pola Lei de orzamentos xerais do Estado.

c) A contía máxima da devolución que vaia percibir non excederá a que lles correspondería a 50.000 litros por vehículo e ano, salvo que se trate de taxis, caso en que a contía máxima da devolución non excederá a que correspondería a 5.000 litros por taxi e ano. O ministro de Economía e Facenda poderá dispoñer o fraccionamento destes límites para a súa aplicación en relación con períodos de tempo inferiores ao ano.

7. O procedemento para a práctica da devolución establecerao o ministro de Economía e Facenda e poderá comprender, entre outros, os seguintes aspectos:

a) A obriga de os interesados se inscribiren nun rexistro específico e de presentaren declaracións tributarias comprensivas dos datos da súa

actividade que sexan relevantes para a xestión e comprobación da devolución.

b) A obriga de que os interesados utilicen medios de pagamento específicos para a adquisición do gasóleo respecto do cal soliciten a devolución. Nos casos en que se estableza, a utilización obrigatoria de medios de pagamento específicos para a adquisición do gasóleo respecto do cal se solicite a devolución terá a consideración de declaración tributaria por medio da cal se solicita a devolución.

c) A obriga, para as entidades emisoras dos referidos medios de pagamento específicos e para os vendedores de gasóleo que os acepten, de lle proporcionar á Administración tributaria a información derivada da utilización destes polos solicitantes da devolución.

8. A utilización dos medios de pagamento específicos a que se refire o punto 7 anterior co obxecto de simular unha adquisición de gasóleo que indebidamente xerese o dereito á devolución regulada neste artigo constituirá infracción tributaria grave e será sancionada con multa pecuniaria proporcional do triplo do importe da adquisición simulada, cun importe mínimo de 3.000 euros.

Para os efectos da imputación da responsabilidade pola comisión destas infraccións, terán a consideración de autores os titulares dos referidos medios de pagamento, salvo no caso de subtracción destes debidamente denunciada.

9. A utilización de gasóleo polo que se solicite a devolución regulada neste artigo en motores distintos dos dos vehículos mencionados no punto 2 está prohibida. A inobservancia desta prohibición constituirá unha infracción tributaria grave que será sancionada de acordo co previsto no artigo 55.

10. O establecido no punto anterior enténdese sen prexuízo das responsabilidades en que incorran os que subministren gasóleo polo que se solicite a devolución a persoas non autorizadas para recibilo. Para os efectos da aplicación do previsto nos artigos 8.6 e 15.11, o gasóleo polo que se solicite a devolución terá a consideración de gasóleo ao cal se lle aplicou un tipo reducido en razón do seu destino.»

Tres. Modifícase a alínea f) do punto 1 do artigo 66, que queda redactada nos seguintes termos:

«f) As embarcacións e os buques de recreo ou de deportes náuticos cuxa eslora máxima non exceda os quince metros, matriculados para afectalos exclusivamente ao exercicio de actividades de aluguer.

Esta exención quedará condicionada ás limitacións e ao cumprimento dos requisitos establecidos para o aluguer de vehículos. En todo caso, entenderase que non existe actividade de aluguer cando a embarcación sexa cedida polo titular para o seu arrendamento sempre que o devandito titular ou unha persoa vinculada a el reciba por calquera título un dereito de uso total ou parcial sobre a referida embarcación ou sobre calquera outra de que sexa titular o cesionario ou unha persoa vinculada ao cesionario. Para a aplicación deste parágrafo considéranse persoas vinculadas aquelas en que concorren as condicións previstas no artigo 79 da Lei do imposto sobre o valor engadido.»

Catro. Modifícanse as alíneas j) e k) do punto 1 do artigo 66, que quedan redactadas nos seguintes termos:

«j) As aeronaves matriculadas a nome de empresas de navegación aérea.

No caso de aeronaves arrendadas a empresas de navegación aérea e matriculadas ao seu nome, a exención non será aplicable cando o arrendador ou as persoas vinculadas a este sexan no seu conxunto usuarias finais da aeronave nunha porcentaxe superior ao 5 por 100 das horas de voo realizadas por esta durante un período de doce meses consecutivos. Para a aplicación deste parágrafo considéranse persoas vinculadas aquelas en que concorren as condicións previstas no artigo 79 da Lei do imposto sobre o valor engadido.

k) As aeronaves matriculadas para seren cedidas en arrendamento exclusivamente a empresas de navegación aérea.

A exención non será aplicable cando a persoa a cuxo nome se matricule a aeronave ou as persoas vinculadas a ela resulten no seu conxunto usuarias finais da aeronave nunha porcentaxe superior ao 5 por 100 das horas de voo realizadas por esta durante un período de doce meses consecutivos. Para a aplicación deste parágrafo considéranse persoas vinculadas aquelas en que concorren as condicións previstas no artigo 79 da Lei do imposto sobre o valor engadido.»

Cinco. Modifícase o artigo 71, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 71. *Liquidación e pagamento do imposto.*

1. O imposto deberá ser obxecto de autoliquidación e ingreso polo suxeito pasivo no lugar, forma, prazos e impresos que estableza o ministro de Economía e Facenda.

2. Cando se trate de vehículos usados, a autoliquidación deberá ser visada pola Administración tributaria, na forma que estableza o ministro de Economía e Facenda, con carácter previo á matriculación definitiva ante o órgano competente. Cando a cota resultante da autoliquidación sexa inferior á que resultaría de aplicar os prezos medios de venda aprobados polo ministro de Economía e Facenda, o visado a que se refire este parágrafo só será efectuado unha vez que o valor consignado como base imponible sexa comprobado de acordo co previsto no artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Os prezos medios a considerar serán os vixentes no momento en que o interesado solicite o visado ante a Administración tributaria. Así mesmo, deberase proceder á comprobación do valor declarado cando non exista prezo medio de venda aprobado polo ministro de Economía e Facenda para o vehículo a que se refira a autoliquidación presentada.

O prazo máximo para efectuar a comprobación será de trinta días, contados a partir da posta a disposición do vehículo ante a Administración tributaria. O transcurso do citado prazo sen que se realizase a comprobación determinará a aceptación do valor declarado polo obrigado tributario. Para os efectos do cómputo do prazo resultará de aplicación o disposto no punto 2 do artigo 104 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Para efectuar a matriculación definitiva do medio de transporte, deberase acreditar o pagamento do imposto ou, se é o caso, o recoñecemento da non-suxeición ou da exención.

Tratándose de vehículos usados, a acreditación do pagamento do imposto efectuarase por medio da autoliquidación visada pola Administración tributaria en que conste o ingreso do seu importe no Tesouro público.»

SECCIÓN 3.^a OUTRAS NORMAS TRIBUTARIAS**Artigo quinto.** *Modificación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria:

Un. Engádeselle un novo número 5 ao artigo 27, coa seguinte redacción:

«5. O importe das recargas a que se refire o punto 2 anterior reducirase no 25 por cento sempre que se realice o ingreso total do importe restante da recarga no prazo do punto 2 do artigo 62 desta lei aberto coa notificación da liquidación da devandita recarga e sempre que se realice o ingreso total do importe da débeda resultante da autoliquidación extemporánea ou da liquidación practicada pola Administración derivada da declaración extemporánea, ao mesmo tempo da súa presentación ou no prazo do punto 2 do artigo 62 desta lei, respectivamente, ou sempre que se realice o ingreso no prazo ou prazos fixados no acordo de adiamento ou fraccionamento da devandita débeda que a Administración tributaria concedese con garantía de aval ou certificado de seguro de caución e que o obrigado ao pagamento solicítase ao mesmo tempo de presentar a autoliquidación extemporánea ou con anterioridade á finalización do prazo do punto 2 do artigo 62 desta lei aberto coa notificación da liquidación resultante da declaración extemporánea.

O importe da redución practicada de acordo co disposto neste punto exixirase sen máis requisito que a notificación ao interesado, cando non se realicen os ingresos a que se refire o parágrafo anterior nos prazos previstos incluídos os correspondentes ao acordo de aprazamento ou fraccionamento.»

Dous. Modifícase o punto 3 do artigo 29, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. En desenvolvemento do disposto neste artigo, as disposicións regulamentarias poderán regular as circunstancias relativas ao cumprimento das obrigas tributarias formais.

En particular, determinaranse os casos en que a achega dos libros rexistro se deba efectuar de forma periódica e por medios telemáticos.»

Tres. Modifícase o punto 3 do artigo 41, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Salvo o disposto no punto 2 do artigo 42 desta lei, a responsabilidade alcanzará a totalidade da débeda tributaria exixida en período voluntario.

Cando transcorra o prazo voluntario de pagamento que se lle conceda ao responsable sen realizar o ingreso, iniciárase o período executivo e exixíranse as recargas e xuros que procedan.»

Catro. Modifícase o punto 2 do artigo 42, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Tamén serán responsables solidarios do pagamento da débeda tributaria pendente e, se é o caso, do das sancións tributarias, incluídos a recarga e o xuro de mora do período executivo, cando procedan, ata o importe do valor dos bens ou dereitos que puidese embargar ou allear a Administración tributaria, as seguintes persoas ou entidades:

a) As que sexan causantes ou colaboren na ocultación ou transmisión de bens ou dereitos do obrigado ao pagamento coa finalidade de impedir a actuación da Administración tributaria.

b) As que, por culpa ou negligencia, incumpran as ordes de embargamento.

c) As que, con coñecemento do embargamento, da medida cautelar ou da constitución da garantía, colaboren ou consintan no levantamento dos bens ou dereitos embargados, ou daqueles bens ou dereitos sobre os cales se constituíse a medida cautelar ou a garantía.

d) As persoas ou entidades depositarias dos bens do debedor que, unha vez recibida a notificación do embargamento, colaboren ou consintan no levantamento daqueles.»

Cinco. Engádense dúas novas alíneas g) e h) ao punto 1 do artigo 43, coa seguinte redacción:

«g) As persoas ou entidades que teñan o control efectivo, total ou parcial, directo ou indirecto, das persoas xurídicas ou nas cales concorra unha vontade reitoria común con estas, cando resulte acreditado que as persoas xurídicas foron creadas ou utilizadas de forma abusiva ou fraudulenta para eludir a responsabilidade patrimonial universal fronte á Facenda pública e exista unicidade de persoas ou esferas económicas, ou confusión ou desviación patrimonial. A responsabilidade estenderase ás obrigas tributarias e ás sancións das devanditas persoas xurídicas.

h) As persoas ou entidades de que os obrigados tributarios teñan o control efectivo, total ou parcial, ou nas cales concorra unha vontade reitoria común cos devanditos obrigados tributarios, polas obrigas tributarias destes, cando resulte acreditado que tales persoas ou entidades foron creadas ou utilizadas de forma abusiva ou fraudulenta como medio de elusión da responsabilidade patrimonial universal fronte á Facenda pública, sempre que concorran, xa sexa unha unicidade de persoas ou esferas económicas, xa unha confusión ou desviación patrimonial.

Nestes casos a responsabilidade estenderase tamén ás sancións.»

Seis. Modifícase o punto 1 do artigo 57, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O valor das rendas, produtos, bens e demais elementos determinantes da obriga tributaria poderán ser comprobados pola Administración tributaria mediante os seguintes medios:

a) Capitalización ou imputación de rendementos á porcentaxe que a lei de cada tributo sinala.

b) Estimación por referencia aos valores que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal.

A devandita estimación por referencia poderán consistir na aplicación dos coeficientes multiplicadores que sexan determinados e publicados pola Administración tributaria competente, nos termos que se establezan regulamentariamente, aos valores que figuren no rexistro oficial de carácter fiscal que tome como referencia para os efectos da valoración de cada tipo de bens. Tratándose de bens inmoables, o rexistro oficial de carácter fiscal que se tomará como referencia para os efectos de determinar os coeficientes multiplicadores para a valoración dos devanditos bens será o inmobiliario.

c) Prezos medios no mercado.

d) Cotizacións en mercados nacionais e estranxeiros.

e) Ditame de peritos da Administración.

f) Valor asignado aos bens nas pólizas de contratos de seguros.

g) Valor asignado para a taxación dos terreos hipotecados en cumprimento do previsto na lexislación hipotecaria.

h) Prezo ou valor declarado correspondente a outras transmisións do mesmo ben, tendo en conta as circunstancias destas, realizadas dentro do prazo que regulamentariamente se estableza.

i) Calquera outro medio que se determine na lei propia de cada tributo.»

Sete. Modifícase o punto 1 do artigo 112, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Cando non sexa posible efectuarlle a notificación ao interesado ou ao seu representante por causas non imputables á Administración tributaria e intentada polo menos dúas veces no domicilio fiscal, ou no designado polo interesado se se trata dun procedemento iniciado por solicitude deste, faranse constar no expediente as circunstancias dos intentos de notificación. Será suficiente un só intento cando o destinatario conste como descoñecido no devandito domicilio ou lugar.

Neste suposto citarase o interesado ou o seu representante para seren notificados por comparecencia por medio de anuncios que se publicarán, por unha soa vez para cada interesado, no Boletín Oficial del Estado ou nos boletíns das comunidades autónomas ou das provincias, segundo a Administración de que proceda o acto que se pretende notificar e o ámbito territorial do órgano que o dite. A publicación no boletín oficial correspondente efectuarase os días cinco e vinte de cada mes ou, se é o caso, o inmediato hábil posterior.

Cada Administración tributaria poderá convir co boletín oficial correspondente ao seu ámbito territorial de competencias que todos os anuncios a que se refire o parágrafo anterior, con independencia de cal sexa o ámbito territorial dos órganos desa Administración que os ditén, se publiquen exclusivamente no devandito boletín oficial. O convenio, que será de aplicación ás citacións que se deban anunciar a partir da súa publicación oficial, poderá conter previsións sobre recursos, medios axeitados para a práctica dos anuncios e datas de publicación destes.

Estes anuncios poderanse expoñer así mesmo na oficina da Administración tributaria correspondente ao último domicilio fiscal coñecido. No caso de que o último domicilio coñecido radícase no estranxeiro, o anuncio poderase expoñer no consulado ou sección consular da embaixada correspondente.

A Administración tributaria poderá levar a cabo os anteriores anuncios mediante o emprego e utilización de medios informáticos, electrónicos e telemáticos nos termos que estableza a normativa tributaria.»

Oito. Modifícase o punto 5 do artigo 155, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. Entenderase producida e notificada a liquidación e, se é o caso, imposta e notificada a sanción, nos termos das propostas formuladas, se transcorridos dez días, contados desde o seguinte á data da acta, non se lle notificase ao interesado acordo do órgano competente para liquidar rectificando os erros materiais que puidese conter a acta con acordo.

Confirmadas as propostas, o depósito realizado aplicarase ao pagamento das devanditas cantidades. Se se presentase aval ou certificado de seguro de caución, o ingreso deberase realizar no prazo a que se refire o punto 2 do artigo 62 desta lei, ou no

prazo ou prazos fixados no acordo de aprazamento ou fraccionamento que a Administración tributaria concedese coas devanditas garantías e que o obrigado ao pagamento solicitase con anterioridade á finalización do prazo do punto 2 do artigo 62 desta lei.»

Novo. Modifícase o punto 5 do artigo 174, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. No recurso ou reclamación contra o acordo de declaración de responsabilidade poderase impugnar o presuposto de feito habilitante e as liquidacións a que alcanza o devandito presuposto, sen que como consecuencia da resolución destes recursos ou reclamacións se poidan revisar as liquidacións que adquirisen firmeza para outros obrigados tributarios, senón unicamente o importe da obriga do responsable que interpuxese o recurso ou a reclamación.

Non obstante, nos supostos previstos no punto 2 do artigo 42 desta lei non se poderán impugnar as liquidacións a que alcanza o devandito presuposto, senón o alcance global da responsabilidade.»

Dez. Modifícase o punto 1 do artigo 180, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Se a Administración tributaria considerase que a infracción puidese ser constitutiva de delito contra a Facenda pública pasaralle o tanto de culpa á xurisdición competente, ou remitiralle o expediente ao Ministerio Fiscal e absterase de seguir o procedemento administrativo, que quedará suspendido mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme, teña lugar o sobresemento ou o arquivo das actuacións ou se produza a devolución de expediente polo Ministerio Fiscal.

A sentenza condenatoria da autoridade xudicial impedirá a imposición de sanción administrativa.

De non se apreciar a existencia de delito, a Administración tributaria iniciará ou continuará as súas actuacións de acordo cos feitos que os tribunais considerasen probados, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición no punto en que estaba cando se suspendeu.

As actuacións administrativas realizadas durante o período de suspensión teranse por inexistentes.»

Once. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 182, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Responderán solidariamente do pagamento das sancións tributarias, derivadas ou non dunha débeda tributaria, as persoas ou entidades que se atopen nos supostos das alíneas a) e c) do punto 1 e nos do punto 2 do artigo 42 desta lei, nos termos establecidos no devandito artigo. O procedemento para declarar e exixir a responsabilidade solidaria será o previsto no artigo 175 desta lei.

2. Responderán subsidiariamente do pagamento das sancións tributarias as persoas ou entidades que se atopen nos supostos das alíneas a), g) e h) do punto 1 do artigo 43 desta lei, nos termos establecidos no devandito artigo.

O procedemento para declarar e exixir a responsabilidade subsidiaria será o previsto no artigo 176 desta lei.»

Doce. Engádesse un punto 4 ao artigo 186, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. Cando se impoña a sanción prevista no artigo 202. 3 desta lei poderanse impoñer, ademais, as sancións accesorias previstas no punto 1 deste artigo.»

Trece. Modifícase a alínea a) do punto 2 do artigo 188, que queda redactada nos seguintes termos:

«a) Nos supostos previstos na alínea a) do punto anterior, cando se interpoña contra a regularización ou a sanción o correspondente recurso contencioso-administrativo ou, no suposto de se presentar aval ou certificado de seguro de caución en substitución do depósito, cando non se ingresen as cantidades derivadas da acta con acordo no prazo do punto 2 do artigo 62 desta lei ou nos prazos fixados no acordo de aprazamento ou fraccionamento que concedese a Administración tributaria con garantía de aval ou certificado de seguro de caución.»

Catorce. Modifícase a alínea a) do punto 3 do artigo 188, que queda redactada nos seguintes termos:

«a) Que se realice o ingreso total do importe restante da devandita sanción no prazo do punto 2 do artigo 62 desta lei ou no prazo ou prazos fixados no acordo de aprazamento ou fraccionamento que a Administración tributaria concedese con garantía de aval ou certificado de seguro de caución e que o obrigado ao pagamento solicítase con anterioridade á finalización do prazo do punto 2 do artigo 62 desta lei.»

Quince. Modifícase o artigo 202, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 202. *Infracción tributaria por incumprir as obrigas relativas á utilización e á solicitude do número de identificación fiscal ou doutros números ou códigos.*

1. Constitúe infracción tributaria o incumprimento das obrigas relativas á utilización do número de identificación fiscal e doutros números ou códigos establecidos pola normativa tributaria ou aduaneira.

A infracción prevista neste punto será leve, salvo que constitúa infracción grave de acordo co disposto no punto seguinte.

A sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 150 euros.

2. A infracción prevista no punto 1 será grave cando se trate do incumprimento dos deberes que especificamente lles incumben ás entidades de crédito en relación coa utilización do número de identificación fiscal nas contas ou operacións ou no libramento ou aboamento dos cheques ao portador.

A sanción consistirá en multa pecuniaria proporcional do cinco por cento das cantidades indebidamente aboadas ou cargadas, ou do importe da operación ou depósito que se debería cancelar, cun mínimo de 1.000 euros.

O incumprimento dos deberes relativos á utilización do número de identificación fiscal no libramento ou aboamento dos cheques ao portador será sancionado con multa pecuniaria proporcional do cinco por cento do valor facial do efecto, cun mínimo de 1.000 euros.

3. Tamén constitúe infracción tributaria comunicar datos falsos ou falseados nas solicitudes de número de identificación fiscal provisional ou definitivo.

A infracción prevista neste punto será moi grave.

A sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 30.000 euros.»

Dezaseis. Engádeselle un novo punto 3 ao artigo 208, ao mesmo tempo que o punto 3 actual pasa a ser o

punto 4. O novo punto 3 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Os procedementos sancionadores garantiránlles aos afectados por eles os seguintes dereitos:

a) A ser notificados dos feitos que se lles imputen, das infraccións que tales feitos poidan constituír e das sancións que, se é o caso, se lles puidesen impoñer, así como da identidade do instrutor, da autoridade competente para impoñer a sanción e da norma que atribúa tal competencia.

b) A formular alegacións e utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico que resulten procedentes.

c) Os demais dereitos recoñecidos polo artigo 34 desta lei.»

Dezasete. Engádesse un punto 4 na disposición adicional sexta co seguinte contido:

«4. A publicación da revogación do número de identificación fiscal asignado ás persoas xurídicas ou entidades no Boletín Oficial del Estado determinará que o rexistro público correspondente, en función do tipo de entidade de que se trate, proceda a estender na folla aberta á entidade a que afecte a revogación unha nota marxinal en que se fará constar que, a partir deste momento, non se poderá realizar inscrición ningunha que afecte esta, salvo que se rehabilite o devandito número ou se asigne un novo número de identificación fiscal.

Así mesmo, determinará que as entidades de crédito non realicen cargos ou aboamentos nas contas ou depósitos de que dispoñan as persoas xurídicas ou entidades sen personalidade ás cales se lles revogue o número de identificación fiscal, entretanto non se produza a rehabilitación do devandito número ou a asignación á persoa xurídica ou entidade afectada dun novo número de identificación fiscal.

O disposto neste punto entenderase sen prexuízo do cumprimento pola entidade das obrigas tributarias pendentes, para o que se utilizará transitoriamente o número de identificación fiscal revogado.»

CAPÍTULO II

Outras normas

Artigo sexto. *Modificación da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei do 28 de maio de 1862, do notariado:

Un. Modifícase o artigo 17, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 17.

1. O notario redactará escrituras matrices, intervirá pólizas, estenderá e autorizará actas, expedirá copias, testemuños, lexitimacións e legalizacións e formará protocolos e libros-rexistro de operacións.

As escrituras públicas teñen como contido propio as declaracións de vontade, os actos xurídicos que impliquen prestación de consentimento, os contratos e os negocios xurídicos de todas as clases.

É escritura matriz a orixinal que o notario ten que redactar sobre o contrato ou acto sometido á súa autorización, asinada polos outorgantes, polas testemuñas instrumentais, ou de coñecemento, se é o caso, e asinada e signada polo mesmo notario.

É primeira copia o traslado da escritura matriz que ten dereito a obter por primeira vez cada un dos outorgantes. Para os efectos do artigo 517.2. 4.º da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, considerarase título executivo aquela copia que o interesado solicite que se expida con tal carácter. Expedida a devandita copia, o notario inserirá mediante nota na matriz a súa data de expedición e o interesado que a solicitou.

As pólizas intervidas teñen como contido exclusivo os actos e contratos de carácter mercantil e financeiro que sexan propios do tráfico habitual e ordinario de polo menos un dos seus outorgantes, quedando excluídos do seu ámbito os demais actos e negocios xurídicos, especialmente os inmobiliarios.

O notario conservará no seu libro-rexistro ou no seu protocolo ordinario o orixinal da póliza, nos termos que regulamentariamente se dispoña.

Para os efectos do disposto no artigo 517.2. 5.º da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, considerarase título executivo o testemuño expedido polo notario do orixinal da póliza debidamente conservada no seu libro-rexistro ou a copia autorizada desta acompañada da certificación a que se refire o artigo 572. 2 de citada lei.

As actas notariais teñen como contido a constatación de feitos ou a percepción que destes teña o notario, sempre que pola súa índole non se poidan cualificar de actos e contratos, así como os seus xuízos ou cualificacións.

Enténdese por protocolo a colección ordenada das escrituras matrices autorizadas durante un ano, e formalizárase nun ou en máis tomos encadernados, foliados en letra e cos demais requisitos que se determinen nas instrucións do caso. No libro-rexistro figurarán pola súa orde, separada e diariamente, todas as operacións en que interviñesen.

2. Para os efectos da debida colaboración do notario e da súa organización corporativa coas administracións públicas, os notarios estarán obrigados a levar índices informatizados e, se é o caso, en soporte papel dos documentos protocolizados e intervidos. O notario deberá velar pola máis estrita veracidade dos devanditos índices, así como pola súa correspondencia cos documentos públicos autorizados e intervidos, e será responsable de calquera discrepancia que exista entre aqueles e estes, así como do incumprimento dos seus prazos de remisión. Regulamentariamente determinarase o contido de tales índices, e poderase delegar no Consello Xeral do notariado a adición de novos datos, así como a concreción das súas características técnicas de elaboración, remisión e conservación.

O Consello Xeral do notariado formará un índice único informatizado coa agregación dos índices informatizados que os notarios lles deben remitir aos colexios notariais. Para estes efectos, coa periodicidade e nos prazos regulamentariamente establecidos, os notarios remitirán os índices telematicamente a través da súa rede corporativa e coas garantías debidas de confidencialidade aos colexios notariais, que llos remitirán, por idéntico medio, ao Consello Xeral do notariado.

3. Corresponderalle ao Consello Xeral do notariado proporcionar información estatística no ámbito da súa competencia, así como subministrar canta información do índice sexa precisa ás administracións públicas que, conforme a lei, poidan acceder ao seu contido, para o efecto do cal poderá crear unha unidade especializada.

En particular, e sen prexuízo doutras formas de colaboración que poidan resultar procedentes, o

Consello Xeral do notariado subministrarlles ás administracións tributarias a información contida no índice único informatizado con transcendencia tributaria que precisen para o cumprimento das súas funcións seguindo o disposto no artigo 94.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, permitirá o acceso telemático directo das administracións tributarias ao índice e solicitará do notario para a súa posterior remisión a copia do instrumento público a que se refira a solicitude de información cando esta se efectúe a través do devandito consello.»

Dous. Modifícase o artigo 23, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 23.

Os notarios darán fe nas escrituras públicas e naquelas actas que pola súa índole especial o requiran de que coñezan as partes ou de que se aseguraron da súa identidade polos medios supletorios establecidos nas leis e nos regulamentos.

Serán medios supletorios de identificación, en defecto do coñecemento persoal do notario, os seguintes:

a) A afirmación de dúas persoas, con capacidade civil, que coñezan o outorgante e sexan coñecidas do notario, sendo aquelas responsables da identificación.

b) A identificación dunha das partes contratantes pola outra, sempre que desta última dea fe de coñecemento o notario.

c) A referencia a carnés ou documentos de identidade con retrato e sinatura expedidos polas autoridades públicas, cuxo obxecto sexa identificar as persoas.

O notario neste caso responderá da concordancia dos datos persoais, fotografía e sinatura estampados no documento de identidade exhibido, coas do comparecente.

d) O cotexo de sinatura coa indubitada dun instrumento público anterior en que o notario dese fe de coñecemento do asinante.

O notario que der fe de coñecemento dalgún dos outorgantes, inducido a erro sobre a personalidade destes pola actuación maliciosa deles mesmos ou doutras persoas, non incorrerá en responsabilidade criminal, a cal será exixida unicamente cando proceda con dolo. En tal suposto o notario, sen prexuízo do anterior, será inmediatamente sometido a expediente de corrección disciplinaria coa obriga de indemnizar os danos e prexuízos que se producen por tal erro a terceiros interesados.

Se se trata de escrituras públicas relativas a actos ou contratos polos que se adquiran, declaren, constitúan, transmitan, graven, modifiquen ou extingan o dominio e os demais dereitos reais sobre bens inmoebles, ou a calquera outro con transcendencia tributaria, os comparecentes acreditarán ante o notario autorizante os seus números de identificación fiscal e os das persoas ou entidades en cuxa representación actúen, dos cales quedará constancia na escritura.»

Tres. Modifícase o artigo 24, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 24.

En todo instrumento público consignará o notario o seu nome e veciñanza, os nomes e veciñanza das testemuñas, e o lugar, ano e día do outorgamento.

Os notarios na súa consideración de funcionarios públicos deberán velar pola regularidade non só formal senón material dos actos ou negocios xurídicos que autorice ou interveña, polo que están suxeitos a un deber especial de colaboración coas autoridades xudiciais e administrativas.

Xa que logo, este deber especial exige do notario o cumprimento daquelas obrigas que no ámbito da súa competencia establezan as devanditas autoridades.

Nas escrituras relativas a actos ou contratos polos cales se declaren, transmitan, graven, modifiquen ou extingan a título oneroso o dominio e os demais dereitos reais sobre bens inmobles identifícaranse, cando a contraprestación consistir en todo ou en parte en diñeiro ou signo que o represente, os medios de pagamento empregados polas partes. Para tal fin, e sen prexuízo do seu ulterior desenvolvemento regulamentario, deberase identificar se o prezo se recibiu con anterioridade ou no momento do outorgamento da escritura, a súa contía, así como se se efectuou en metálico, cheque, bancario ou non, e, se é o caso, nominativo ou ao portador, outro instrumento de xiro ou ben mediante transferencia bancaria.

Igualmente, nas escrituras públicas citadas o notario deberá incorporar a declaración previa do movemento dos medios de pagamento achegada polos comparecentes cando proceda presentar esta nos termos previstos na lexislación de prevención do branqueo de capitais. Se o obrigado a iso non achegase a devandita declaración, o notario fará constar esta circunstancia na escritura e comunicarllo ao órgano correspondente do Consello Xeral do notariado.

Nas escrituras públicas a que se refiren este artigo e o artigo 23 desta lei, o Consello Xeral do notariado subministrarlle á Administración tributaria, de acordo co disposto no artigo 17 desta lei, a información relativa ás operacións en que se incumprise a obriga de comunicar ao notario o número de identificación fiscal para a súa constancia na escritura, así como os medios de pagamento empregados e, se é o caso, a negativa a identificar os medios de pagamento. Estes datos deberán constar nos índices informatizados.»

Artigo sétimo. *Modificación da Lei hipotecaria, do 8 de febreiro de 1946.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei hipotecaria, do 8 de febreiro de 1946:

Un. Modifícase o artigo 21, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 21.

1. Os documentos relativos a contratos ou actos que se deban inscribir expresarán, polo menos, todas as circunstancias que necesariamente debe conter a inscrición e sexan relativas ás persoas dos outorgantes, aos terreos e aos dereitos inscritos.

2. As escrituras públicas relativas a actos ou contratos polos que se declaren, constitúan, transmitan, graven, modifiquen ou extingan a título oneroso o dominio e os demais dereitos reais sobre bens inmobles, cando a contraprestación consistise, en todo ou en parte, en diñeiro ou signo que o represente, deberán expresar, ademais das circunstancias previstas no parágrafo anterior, a identificación dos medios de pagamento empregados polas partes,

nos termos previstos no artigo 24 da Lei do notariado, do 28 de maio de 1862».

Dous. Modifícase o artigo 254 que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 254.

1. Non se fará ningunha inscrición no Rexistro da Propiedade sen que se acredite previamente o pagamento dos impostos establecidos ou que estableceren as leis, se os devengar o acto ou contrato que se pretenda inscribir.

2. Non se practicarán ningunha inscrición no Rexistro da Propiedade de títulos relativos a actos ou contratos polos que se adquiran, declaren, constitúan, transmitan, graven, modifiquen ou extingan o dominio e os demais dereitos reais sobre bens inmobles, ou a calquera outro con transcendencia tributaria, cando non consten naqueles todos os números de identificación fiscal dos comparecentes e, se é o caso, das persoas ou entidades en cuxa representación actúen.

3. Non se practicarán ningunha inscrición no Rexistro da Propiedade de títulos relativos a actos ou contratos polos que se declaren, constitúan, transmitan, graven, modifiquen ou extingan a título oneroso o dominio e os demais dereitos reais sobre bens inmobles, cando a contraprestación consistise, en todo ou en parte, en diñeiro ou signo que o represente, se o fedatario público fixer constar na escritura a negativa dos comparecentes a identificar, en todo ou en parte, os datos ou documentos relativos aos medios de pagamento empregados.

4. As escrituras a que se refiren os números 2 e 3 anteriores entenderanse afectadas dun defecto emendable. A falta só se entenderá emendada cando se presente ante o Rexistro da Propiedade unha escritura en que consten todos os números de identificación fiscal e en que se identifiquen todos os medios de pagamento empregados.»

Artigo oitavo. *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

Modifícase o artigo 108 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 108.

1. A transmisión de valores, admitidos ou non a negociación nun mercado secundario oficial, estará exenta do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

2. Quedan exceptuadas do disposto no punto anterior as transmisións realizadas no mercado secundario, así como as adquisicións nos mercados primarios como consecuencia do exercicio dos dereitos de subscripción preferente e de conversión de obrigas en accións ou mediante calquera outra forma, de valores, e tributarán pola modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados como transmisións onerosas de bens inmobles, nos seguintes supostos:

a) Cando os valores ou participacións transmitidos ou adquiridos representen partes alícuotas do capital social ou patrimonio de sociedades, fondos, asociacións e outras entidades cuxo activo estea constituído polo menos nun 50 por 100 por inmobles situados en territorio español, ou en cuxo activo se inclúan valores que lle permitan exercer o control noutra entidade o activo da cal estea integrado polo

menos nun 50 por 100 por inmobles radicados en España, sempre que, como resultado da devandita transmisión ou adquisición, o adquirente obteña unha posición tal que lle permita exercer o control sobre esas entidades ou, unha vez obtido o devandito control, aumente a cota de participación nelas.

Para os efectos do cómputo do 50 por 100 do activo constituído por inmobles, teranse en conta as seguintes regras:

1.^a Para realizar o cómputo do activo, os valores netos contables de todos os bens substituiranse polos seus respectivos valores reais determinados na data en que teña lugar a transmisión ou adquisición.

2.^a Non se terán en conta aqueles inmobles, salvo os terreos e soares, que formen parte do activo circulante das entidades cuxo obxecto social exclusivo consista no desenvolvemento de actividades empresariais de construción ou promoción inmobiliaria.

3.^a O cómputo deberase realizar na data en que teña lugar a transmisión ou adquisición dos valores ou participacións; para estes efectos o suxeito pasivo estará obrigado a formar un inventario do activo na devandita data e a facilitarillo á Administración tributaria por requirimento desta.

4.^a O activo total a computar minorarase no importe do financiamento alleo con vencemento igual ou inferior a 12 meses, sempre que se obtivese nos 12 meses anteriores á data en que se produza a transmisión de valores.

Tratándose de sociedades mercantís, entenderase obtido o devandito control cando directa ou indirectamente se alcance unha participación no capital social superior ao 50 por 100. Para estes efectos computaranse tamén como participación do adquirente os valores das demais entidades pertencentes ao mesmo grupo de sociedades.

Nos casos de transmisión de valores á propia sociedade cedora dos inmobles para a súa posterior amortización por ela, entenderase para os efectos fiscais que ten lugar o feito imponible definido nesta alínea a). Neste caso será suxeito pasivo o accionista que, como consecuencia das devanditas operacións, obteña o control da sociedade, nos termos antes indicados.

b) Cando os valores transmitidos fosen recibidos polas achegas de bens inmobles realizadas con ocasión da constitución ou ampliación de sociedades, ou a ampliación do seu capital social, sempre que entre a data de achega e a de transmisión non transcorrese un prazo de tres anos.

3. Nas transmisións ou adquisicións de valores a que se refire o punto 2 anterior aplicarase o tipo correspondente ás transmisións onerosas de bens inmobles, sobre o valor real dos referidos bens calculado de acordo coas regras contidas na normativa vixente do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Para tal fin tomará como base imponible:

a) Nos supostos a que se refire a alínea a) do punto 2 anterior, a parte proporcional sobre o valor real da totalidade das partidas do activo que, para os efectos da aplicación desta norma, se deban computar como inmobles, que corresponda á porcentaxe total de participación que se pase a ter no momento da obtención do control ou, unha vez obtido, onerosa ou lucrativamente, o dito control, á porcentaxe en que aumente a cota de participación.

Cando os valores transmitidos representen partes alicuotas do capital social ou patrimonio de enti-

dades en cuxo activo se inclúa unha participación tal que permita exercer o control noutras entidades, para determinar a base imponible só se terán en conta os inmobles daquelas cuxo activo estea integrado polo menos nun 50 por 100 por inmobles.

b) Nos supostos a que se refire a alínea b) do punto 2 anterior, a parte proporcional do valor real dos inmobles que foron achegados no seu día correspondente ás accións ou participacións transmitidas.

4. As excepcións reguladas no punto 2 deste artigo non serán aplicables ás transmisións de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial, sempre que a transmisión se produza con posterioridade ao prazo dun ano desde a admisión a negociación dos devanditos valores. Para estes efectos, para o cómputo do prazo dun ano non se terán en conta aqueles períodos en que se suspendese a negociación dos valores.

Non obstante, cando a transmisión de valores se realice no ámbito de ofertas públicas de venda ou de ofertas públicas de adquisición, non será necesario o cumprimento do prazo previsto no parágrafo anterior.»

Artigo noveno. *Modificación da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública.*

Modifícase o punto 3 do artigo 48 da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Nos restantes casos, corresponderalle ao Instituto Nacional de Estatística a potestade sancionadora e exerceraa, a través do seu presidente, na forma establecida no artigo 54 desta lei. Non obstante, cando se trate de infraccións ás estatísticas dos intercambios de bens entre Estados membros da Unión Europea, corresponderalle a potestade sancionadora ao director do Departamento de Alfándegas e Impostos especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.»

Artigo décimo. *Modificación do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo:

Un. Dáselle nova redacción ao punto 2 do artigo 7, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Enténdese por solo de natureza urbana:

a) O clasificado ou definido polo plan urbanístico como urbano, urbanizado ou equivalente.

b) Os terreos que teñan a consideración de urbanizables ou aqueles para os cales os instrumentos de ordenación territorial e urbanística prevexan ou permitan o seu paso á situación de solo urbanizado, sempre que estean incluídos en sectores ou ámbitos espaciais delimitados, así como os demais solos deste tipo a partir do momento de aprobación do instrumento urbanístico que estableza as determinacións para o seu desenvolvemento.

c) O integrado de forma efectiva na trama de dotacións e servizos propios dos núcleos de poboación.

d) O ocupado polos núcleos ou asentamentos de poboación illados, se é o caso, do núcleo principal, calquera que sexa o hábitat en que se localicen

e con independencia do grao de concentración das edificacións.

e) O solo xa transformado por contar cos servizos urbanos establecidos pola lexislación urbanística ou, no seu defecto, por dispoñer de acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas e subministración de enerxía eléctrica.

f) O que estea consolidado pola edificación, na forma e coas características que estableza a lexislación urbanística.

Exceptúase da consideración de solo de natureza urbana o que integre os bens inmobles de características especiais».

Dous. Modifícase o artigo 38, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 38. *Constancia documental e rexistral da referencia catastral.*

A referencia catastral dos bens inmobles deberá figurar nos instrumentos públicos, mandamentos e resolucións xudiciais, expedientes e resolucións administrativas e nos documentos onde consten os feitos, actos ou negocios de transcendencia real relativos ao dominio e demais dereitos reais, contratos de arrendamento ou de cesión por calquera título do uso do inmovible, contratos de subministración de enerxía eléctrica, proxectos técnicos ou calquera outro documento relativo aos bens inmobles que se determinen regulamentariamente. Así mesmo, farase constar no Rexistro da Propiedade, nos supostos legalmente previstos».

Tres. Modifícase o punto 1 do artigo 40, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Están obrigados a achegar a referencia catastral dos bens inmobles:

a) Perante a autoridade xudicial ou administrativa competente para instruír ou resolver un procedemento que afecte os bens inmobles incluídos no ámbito de aplicación desta lei, os titulares de dereitos reais ou con transcendencia real sobre os citados bens inmobles.

b) Perante o notario, os requirentes ou outorgantes do documento notarial en que conste o feito, acto ou negocio constituído sobre o inmovible de que se trate.

c) Perante o Rexistro da Propiedade, os que soliciten do rexistrador a práctica dun asento rexistral relativo a bens inmobles.

d) Perante as compañías prestadoras da subministración a que se refire o artigo 38 desta lei, os que contraten as devanditas subministracións e, nos contratos privados de arrendamento ou de cesión por calquera título do uso do inmovible, os arrendadores ou cedentes.

e) Fóra dos supostos previstos nas alíneas anteriores, as partes ou interesados consignarán en por si a citada referencia nos documentos que outorguen ou expidan.»

Catro. Modifícase o artigo 42, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 42. *Prazo de achega.*

A referencia catastral dos bens inmobles debe achegar ante a autoridade xudicial ou administrativa no prazo de 10 días contados desde aquel en que se practique o correspondente requirimento; ante o notario, con anterioridade á autorización do documento e ante o rexistrador da propiedade, durante o prazo de despacho daquel. Nos demais supostos, a referencia catastral deberase achegar no

momento da expedición do documento ou da sinatura do contrato.

Cando os inmobles carezan de referencia catastral no momento en que debe ser achegada, segundo o previsto no parágrafo anterior, os obrigados a que se refire o artigo 40 desta lei deberánlla comunicar á autoridade xudicial ou administrativa de que se trate, ou á correspondente compañía prestadora do servizo de subministración de enerxía eléctrica, no prazo dun mes desde que lles sexa notificada.»

Cinco. Modifícase a alínea b) do artigo 70, que queda redactada nos seguintes termos:

«b) O incumprimento do deber de achegar a referencia catastral a que se refire o artigo 40 desta lei, ou a achega dunha referencia catastral falsa ou falseada. Non obstante, os obrigados quedan exonerados de responsabilidade cando a devandita referencia non exista ou non poida ser coñecida polos medios a que se refire o artigo 41. 1 desta lei ou directamente a través da oficina virtual do catastro.»

Seis. Modifícase o punto 1 da disposición transitoria primeira, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A clasificación de bens inmobles rústicos e urbanos establecida por esta lei será de aplicación a partir do primeiro procedemento de valoración colectiva de carácter xeral que se realice con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2003; ata ese momento os inmobles que figuren ou se dean de alta no catastro manterán a natureza que lles correspondería conforme a normativa anterior á Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Malia o disposto no parágrafo anterior, as construcións situadas en solo rústico que non resulten indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais, manterán a súa natureza urbana ata a realización, con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2006, dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, calquera que sexa a clase de inmobles a que este se refira.

En caso de se referir este procedemento a inmobles urbanos, determinarase simultaneamente un novo valor catastral para todos aqueles inmobles que contén cunha construción en solo de natureza rústica. Estes valores, entremetres non se aproben as novas normas regulamentarias de valoración de inmobles rústicos, obteranse pola aplicación das seguintes regras:

a) O valor do solo da superficie ocupada polas construcións determinarase por aplicación dos módulos específicos que se aproben por orde do ministro de Economía e Facenda.

b) O valor da construción obterase por aplicación de idénticas regras ás que se determinen para a obtención do valor das construcións dos bens inmobles urbanos no relatorio de valores de que trae causa o procedemento de valoración colectiva.

c) O valor catastral do inmovible resultará da suma de dúas compoñentes, das cales a primeira se calculará mediante a suma dos valores resultantes das regras anteriores afectada polo coeficiente de referencia ao mercado vixente para os inmobles urbanos, e a segunda estará constituída, se é o caso, polo valor catastral vixente do solo do inmovible non ocupado por construcións.

En defecto de norma específica, ao procedemento de determinación do valor catastral e da base liquidable do imposto sobre bens inmobles dos inmobles rústicos a que se refire este punto seralle

de aplicación a regulación propia do procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, especialmente no relativo á competencia para a determinación do valor catastral e da base liquidable, á realización do trámite de audiencia, á notificación e efectividade dos valores catastrais e bases liquidables e á impugnación dos actos que se diten.

Nos municipios en que se realice o procedemento de valoración colectiva xeral a que se refire este punto e ata que entre en vigor o citado desenvolvemento regulamentario, aplicaranse estas mesmas regras á valoración tanto das variacións que experimenten as construcións en solo rústico, coma das novas construcións que sobre este se levanten.»

Artigo undécimo. *Modificación do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Un. Engádesse un novo punto 3 no artigo 76 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, co seguinte contido:

«3. Os concellos poderán exixir a acreditación da presentación da declaración catastral de nova construción para a tramitación do procedemento de concesión da licenza que autorice a primeira ocupación dos inmobles. No caso de que o concello se acollese ao procedemento de comunicación a que se refire o punto anterior, en lugar da acreditación da declaración poderase exixir a información complementaria que resulte necesaria para a remisión da comunicación.»

Dous. Modifícase o artigo 99, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 99 *Xustificación do pagamento do imposto.*

1. Quen solicite ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou a certificación de aptitude para circular dun vehículo, deberá acreditar previamente o pagamento do imposto.

2. As xefaturas provinciais de tráfico non tramitarán o cambio de titularidade administrativa dun vehículo entrementes o seu titular rexistral non acreditase o pagamento do imposto correspondente ao período impositivo do ano anterior a aquel en que se realiza o trámite.

3. Para efectos da acreditación anterior, os concellos ou as entidades que exerzan as funcións de recadación por delegación, ao finalizar o período voluntario, comunicaranlle informaticamente ao Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico o non-pagamento da débeda correspondente ao período impositivo do ano en curso. A inexistencia de anotacións por non-pagamento no Rexistro de Vehículos implicará, para os únicos efectos de realización do trámite, a acreditación anteriormente sinalada.»

Tres. Modifícase a disposición transitoria décimo oitava, que queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición transitoria décimo oitava. *Réxime de base liquidable e de bonificación de determinados inmobles no imposto sobre bens inmobles.*

Aos inmobles rústicos valorados conforme o disposto no punto 1 da disposición transitoria primeira do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, seralles de aplicación, ata a realiza-

ción dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral para inmobles desa clase, a redución a que se refire o artigo 67 e, se é o caso, a bonificación que acordase o concello conforme o artigo 74.2. En ambos os dous casos, estes beneficios fiscais aplicaranse unicamente sobre a primeira compoñente do valor catastral, de acordo co descrito na citada disposición transitoria primeira.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, o compoñente individual da redución a que se refire o artigo 68 desta lei será, en cada ano, a diferenza positiva entre a primeira compoñente do valor catastral do inmovible no primeiro exercicio da súa vixencia e o seu valor base. Este valor base será o resultado de multiplicar a citada primeira compoñente do valor catastral do inmovible polo coeficiente, non inferior a 0,5 nin superior a 1, que se estableza na ordenanza fiscal do imposto. En defecto de determinación pola ordenanza, aplicarase o coeficiente 0,5.»

Catro. Engádesse unha disposición transitoria décima, que queda redactada nos seguintes termos:

«Décimo novena. *Xustificación do pagamento do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.*

Entrementes a Dirección Xeral de Tráfico non habilite os procedementos informáticos necesarios para permitir a comunicación a que se refire o artigo 99.3 desta lei, as xefaturas provinciais de tráfico exixirán, para a realización do trámite de cambio de titularidade administrativa, o recibo que acredite o pagamento do imposto correspondente ao ano inmediatamente anterior a aquel en que se realiza o trámite.»

Disposición adicional primeira. *Definición de paraíso fiscal, de nula tributación e de efectivo intercambio de información tributaria.*

1. Terán a consideración de paraíso fiscal os países ou territorios que se determinen regulamentariamente.

Deixarán de ter a consideración de paraíso fiscal aqueles países ou territorios que asinen con España un convenio para evitar a dobre imposición internacional con cláusula de intercambio de información ou un acordo de intercambio de información en materia tributaria en que expresamente se estableza que deixan de ter a devandita consideración, desde o momento en que estes convenios ou acordos se apliquen.

Os países ou territorios a que se refire o parágrafo anterior volverán ter a consideración de paraíso fiscal a partir do momento en que tales convenios ou acordos se deixen de aplicar.

2. Existe nula tributación cando no país ou territorio de que se trate non se aplique un imposto idéntico ou análogo ao imposto sobre a renda das persoas físicas, ao imposto sobre sociedades ou ao imposto sobre a renda de non-residentes, segundo corresponda.

Para os efectos do previsto nesta disposición, terán a consideración de imposto idéntico ou análogo os tributos que teñan como finalidade a imposición da renda, sequera parcialmente, con independencia de que o seu obxecto o constitúa a propia renda, os ingresos ou calquera outro elemento indiciario desta. No caso do imposto sobre a renda das persoas físicas, tamén terán a devandita consideración as cotizacións á Seguridade Social nas condicións que regulamentariamente se determinen.

Considerarase que se aplica un imposto idéntico ou análogo cando o país ou territorio de que se trate teña suscrito con España un convenio para evitar a dobre imposición internacional que sexa de aplicación, coas especialidades previstas neste.

3. Existe efectivo intercambio de información tributaria con aqueles países ou territorios a que resulte de aplicación:

a. Un convenio para evitar a dobre imposición internacional con cláusula de intercambio de información, sempre que no devandito convenio non se estableza expresamente que o nivel de intercambio de información tributaria é insuficiente para os efectos desta disposición; ou

b. Un acordo de intercambio de información en materia tributaria, sempre que no devandito acordo se estableza expresamente que o nivel de intercambio de información tributaria é suficiente para os efectos desta disposición.

Malia o anterior, regulamentariamente poderanse fixar os supostos en que, por razón das limitacións do intercambio de información, non exista efectivo intercambio de información tributaria.

4. As normas de cada tributo poderán establecer especialidades na aplicación das normas contidas nesta disposición.

5. Habilítase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do regulado nesta disposición adicional.

Disposición adicional segunda. *Medidas aplicables aos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que exerzan determinadas actividades económicas.*

1. Adicionalmente aos supostos previstos no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004, do 5 de marzo, estarán suxeitos a unha porcentaxe de retención do 1 por 100 os rendementos de actividades económicas que se determinen polo método de estimación obxectiva, nos supostos e condicións que regulamentariamente se establezan.

2. Para o cálculo dos límites de exclusión do método de estimación obxectiva teranse en conta non só as actividades económicas desenvolvidas polo contribuínte, senón tamén as realizadas polo cónxuxe, descendentes e ascendentes, así como por entidades en réxime de atribución de rendas en que participen calquera dos anteriores, en que concorran as seguintes circunstancias:

Que as actividades económicas desenvolvidas sexan idénticas ou similares. Para estes efectos entenderanse que son idénticas ou similares as actividades económicas clasificadas no mesmo grupo no imposto sobre actividades económicas.

Que exista unha dirección común de tales actividades, compartíndose medios persoais ou materiais.

Disposición adicional terceira. *Axilización de procedementos de asignación do número de identificación fiscal.*

As administracións públicas habilitarán os procedementos precisos para axilizar a asignación do número de identificación fiscal ás persoas ou entidades a que puidese resultar exixible para os efectos do previsto no artigo 23 da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado.

Os devanditos procedementos incluírán o emprego de medios telemáticos e poderán contar coa colaboración do notario outorgante.

Disposición adicional cuarta.

Os órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Axencia Estatal de Administración Tributa-

ria, nun marco de diálogo coas diversas instancias representativas do persoal, articularán as medidas oportunas para asegurar a adecuación da actividade desenvolvida polos funcionarios dos corpos técnicos de Facenda, de Auditoría e Contabilidade e de Xestión Catastral no desenvolvemento das funcións encomendadas ao Ministerio de Economía e Facenda e á Axencia Estatal de Administración Tributaria, actuando sobre os instrumentos de ordenación da política de recursos humanos de cada ámbito respectivo. Con este fin os órganos competentes iniciarán un estudo do conxunto destes instrumentos dirixido á elaboración dun plan operativo de recursos humanos consonte os seguintes criterios:

a) Estrutura dos postos de traballo que permita o desenvolvemento da carreira administrativa e a promoción profesional en cada ámbito funcional.

b) Adecuación do contido e características dos postos de traballo ás especiais condicións do seu desempeño, tendo en conta, entre outros extremos, a complexidade e dificultade das tarefas asignadas, a preparación técnica exixida e a responsabilidade inherente ao seu exercicio.

c) Adecuación dos plans de formación e do contido dos procesos de formación interna.

Disposición adicional quinta. *Autorización ao ministro de Economía e Facenda para acordar a concesión polo Tesouro de anticipos de tesouraría á conta da liquidación definitiva dos tributos cedidos e da participación das entidades locais nos tributos do Estado.*

Un. Co fin de achegar o financiamento das entidades locais á evolución real dos tributos cedidos polo Estado autorízase o ministro de Economía e Facenda para que, no último trimestre do ano, poida acordar, se a devandita evolución así o aconsella, a concesión polo Tesouro de anticipos de tesouraría á conta da liquidación definitiva da cesión de rendementos recadatorios de impostos estatais e da participación en tributos do Estado correspondente ao ano inmediato anterior, a favor dos municipios incluídos no ámbito subxectivo de aplicación dos artigos 111 e 122 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como das provincias e entes asimilados a que se refiren os artigos 135 e 145 dese mesmo texto legal.

Dous. Estes anticipos tramitaranse de oficio e poderán alcanzar un importe de ata o sete por cento da base de cálculo utilizada para a fixación inicial das entregas á conta correspondentes á cesión de rendementos recadatorios de impostos estatais, ao fondo complementario de financiamento, á participación en tributos do Estado dos municipios excluídos daquela cesión, á participación no fondo de achega á asistencia sanitaria, así como á participación derivada da aplicación dos réximes especiais, reguladas na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano a que se refiran aqueles anticipos.

Tres. Os anticipos de tesouraría serán cancelados no momento en que se practique a liquidación definitiva do sistema de financiamento local correspondente ao exercicio respecto do cal se concedesen.

Catro. Esta disposición adicional entrará en vigor o día seguinte ao da publicación desta lei, sendo de aplicación en relación coa liquidación definitiva correspondente ao ano 2005.

Disposición adicional sexta. *Regulación das operacións financeiras no imposto sobre o valor engadido e no imposto xeral indirecto canario.*

O Goberno deberá efectuar un estudo do réxime aplicable nos impostos xerais sobre vendas aos servizos

financeiros e ao funcionamento das normas sobre deducións nese sector que permita, en atención á normativa comunitaria, remitir, se é o caso, no prazo de doce meses ás Cortes Xerais un proxecto de lei en que se estableza unha nova regulación destas materias no imposto sobre o valor engadido e, en concordancia, no imposto xeral indirecto canario.

Disposición adicional sétima. *Aplicación do réxime especial do grupo de entidades no imposto sobre o valor engadido e das modificacións en operacións vinculadas e procedementos amigables.*

1. O disposto no capítulo IX do título IX da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, tal e como queda redactado por esta lei, será de aplicación en relación coas operacións cuxo imposto se devengue a partir do 1 de xaneiro de 2008. Regulamentariamente estableceranse os requisitos, termos e condicións para o cumprimento das obrigas que deriven da súa realización.

2. As obrigas de documentación a que se refire o punto 2 do artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, segundo a redacción dada por esta lei, serán exhibibles a partir dos tres meses seguintes á entrada en vigor da norma que as desenvolva. Ata a devandita data resultarán de aplicación as disposicións vixentes á entrada en vigor desta lei en materia de documentación das operacións vinculadas e réxime sancionador, e non serán constitutivas de infracción tributaria as valoracións efectuadas polos contribuintes cando apliquen correctamente algún dos métodos de valoración previstos no punto 4 do artigo 16 do citado texto refundido segundo a redacción dada por esta lei.

3. O previsto no punto 5 da disposición adicional primeira do Texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, segundo a redacción dada por esta lei, será de aplicación a partir da entrada en vigor da norma que desenvolva a devandita disposición adicional.

Disposición adicional oitava. *Aplicación do réxime especial do grupo de entidades no imposto xeral indirecto canario.*

O disposto no capítulo VIII do título III da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, tal e como queda redactado por esta lei, será de aplicación en relación coas operacións cuxo imposto se devengue a partir do 1 de xaneiro de 2008. Regulamentariamente estableceranse os requisitos, termos e condicións para o cumprimento das obrigas que deriven da súa realización.

Disposición adicional novena.

No marco xeral de transparencia na xestión pública, a Axencia Tributaria remitiralles ás Cortes Xerais, nos dous primeiros meses de cada ano, información detallada dos obxectivos fixados para ese ano e, con periodicidade semestral, dos resultados da súa actividade.

Disposición transitoria primeira. *Referencia catastral en determinados contratos de subministracións.*

Nos contratos en vigor das subministracións a que se refire o artigo 38 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, que se celebren con anterioridade á

entrada en vigor desta lei, aqueles ao cargo dos cales proceda efectuar o cobramento das correspondentes facturas deberanlles achegar a referencia catastral ás compañías prestadoras das subministracións, no prazo de seis meses a partir da devandita entrada en vigor.

Para iso a Administración tributaria deseñará un procedemento que lles permita facilitar ás compañías subministradoras as referencias catastrais correspondentes aos inmobles afectados polas subministracións. Para os casos en que a través deste procedemento non se puidesen asignar as referencias catastrais, as compañías subministradoras comunicaránlle á Administración tributaria os datos identificativos daqueles ao cargo dos cales proceda efectuar o cobramento das correspondentes facturas, para que a Administración tributaria lles poida requirir a achega das referencias catastrais.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación transitoria da consideración de paraíso fiscal.*

Entrementres non se determinen regulamentariamente os países ou territorios que teñen a consideración de paraíso fiscal, terán a devandita consideración os países ou territorios previstos no artigo 1 do Real decreto 1080/1991, do 5 de xullo, polo que se determinan os países ou territorios a que se refiren os artigos 2, punto 3, número 4, da Lei 17/1991, do 27 de maio, de medidas fiscais urxentes, e 62 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991.

Disposición transitoria terceira.

O disposto nos puntos dous e tres do artigo terceiro será aplicable ás operacións cuxo imposto sobre o valor engadido se devengue a partir da entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria cuarta. *Responsabilidade tributaria por levantamento do veu.*

A responsabilidade tributaria establecida no punto catro do artigo quinto desta lei poderá ser exixida cando os presupostos de feito determinantes da responsabilidade concorran a partir da data de entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria quinta. *Comprobación de valores.*

A nova redacción do punto 1 do artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, establecida no punto cinco do artigo quinto desta lei será aplicable a todas as comprobacións de valores que realice a Administración tributaria a partir da data de entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria sexta. *Potestade sancionadora estatística.*

A competencia atribuída no artigo noveno desta lei ao director do Departamento de Alfándegas e Impostos especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria esténdese a todas as sancións que vaian impoñer a partir da data de entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria sétima. *Supresión do trámite de audiencia no delito fiscal.*

A nova redacción do artigo 180 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será aplicable ás actuacións e procedementos que se estean a tramitar á entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria oitava. *Adaptación das sociedades xestoras de entidades de capital risco e sociedades de capital risco cuxa xestión non lle estea encomendada a unha sociedade xestora.*

As sociedades xestoras de entidades de capital risco e as sociedades de capital risco cuxa xestión non lle estea encomendada a unha sociedade xestora disporán do prazo de seis meses, desde a entrada en vigor desta lei, para se adaptar ao disposto no punto do 1 do artigo 2 da Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais, segundo a redacción dada pola disposición derradeira segunda desta lei.

Disposición transitoria novena. *Prazos de aprobación do tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles e dos relatorios de valores, de notificación de valores catastrais e de entrega dos padróns catastrais.*

Con vixencia exclusiva para o exercicio 2007, o prazo establecido no artigo 72. 6 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, para aprobar os tipos de gravame do imposto sobre bens inmobles polos concellos afectados por procedementos de valoración colectiva de carácter xeral que deban producir efecto o 1 de xaneiro de 2008 ampliase ata o 31 de outubro de 2007. Dos correspondentes acordos daráselle traslado á Dirección Xeral do Catastro dentro do devandito prazo.

Igualmente ampliase ata o 31 de outubro de 2007 o prazo para a aprobación e publicación dos relatorios de valores, calquera que sexa a súa clase, e, ata o 1 de marzo de 2008, o prazo para a notificación individual dos valores catastrais resultantes, sen prexuízo da súa efectividade desde o 1 de xaneiro do devandito exercicio.

Nos municipios afectados por un procedemento de valoración colectiva de carácter xeral con efectividade o 1 de xaneiro de 2008, a entrega do correspondente padrón catastral terá lugar antes do 1 de maio do citado ano.

Disposición transitoria décima. *Aplicación no ano 2007 do réxime de base liquidable e de bonificación de determinados inmobles no imposto sobre bens inmobles.*

Para a determinación da base liquidable correspondente ao imposto sobre bens inmobles que se devengue o 1 de xaneiro de 2007 dos inmobles rústicos valorados conforme o disposto no punto 1 da disposición transitoria primeira do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, os concellos poderán aprobar a ordenanza fiscal que fixe o coeficiente previsto na disposición transitoria décima do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais antes do 1 de marzo de 2007, data en que llo deberán comunicar á Dirección Xeral do Catastro, a cal determinará e notificará os valores catastrais dos devanditos inmobles para ese período impositivo, xunto coas bases liquidables que lles correspondan, antes do 1 de maio de 2007.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.

Un. Dáselle nova redacción ao punto 1 do artigo 10.º 1, que queda redactado como segue:

«1. As prestacións de servizos e as entregas de bens accesorias a elas, que constitúan o servizo pos-

tal universal e estean reservadas ao operador a que se encomenda a súa prestación, de acordo coa Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.»

Dous. Dáselle nova redacción ao punto 24 do artigo 10.º 1, que queda redactado como segue:

«1. As entregas de bens que fosen utilizados polo transmitente na realización de operacións exentas do imposto en virtude do establecido neste artigo, sempre que ao suxeito pasivo non se lle atribuíse o dereito a efectuar a dedución total ou parcial do imposto soportado ao realizar a adquisición, afectación ou importación dos devanditos bens ou dos seus elementos compoñentes.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, considerarase que ao suxeito pasivo non se lle atribuíu o dereito a efectuar a dedución parcial das cotas soportadas cando utilice os bens ou servizos adquiridos exclusivamente na realización de operacións exentas que non orixinen o dereito á dedución, aínda que fose de aplicación a regra de pro rata.

O disposto neste número non se aplicará:

- a) Ás entregas de bens de investimento que se realicen durante o seu período de regularización.
- b) Cando resulten procedentes as exencións establecidas nos puntos 20, 21 e 22 anteriores.»

Tres. Engádeselle un novo punto 5 ao artigo 21 bis, coa seguinte redacción:

«5.1.º Serán responsables subsidiarios das cotas tributarias correspondentes ás operacións gravadas que teñan que satisfacer os suxeitos pasivos aqueles destinatarios destas que sexan empresarios ou profesionais que debesen razoablemente presumir que o imposto repercutido ou que debería ter sido repercutido polo empresario ou profesional que as realiza, ou por calquera dos que efectuaron a adquisición e entrega dos bens de que se trate, non foi nin vai ser obxecto de declaración e ingreso.

2.º Para estes efectos, considerarase que os destinatarios das operacións mencionadas no número anterior debían razoablemente presumir que o imposto repercutido ou que se debería ter repercutido non foi nin será obxecto de declaración e ingreso, cando, como consecuencia diso, satisfagan por eles un prezo notoriamente anómalo.

Entenderase por prezo notoriamente anómalo:

- a) O que sexa sensiblemente inferior ao correspondente aos devanditos bens nas condicións en que se realizou a operación ou ao satisfeito en adquisicións anteriores de bens idénticos.
- b) O que sexa sensiblemente inferior ao prezo de adquisición dos devanditos bens por parte de quen efectuou a súa entrega.

Para a cualificación do prezo da operación como notoriamente anómalo a Administración tributaria estudará a documentación de que dispoña, así como a achegada polos destinatarios, e valorará, cando sexa posible, outras operacións realizadas no mesmo sector económico que garden un alto grao de similitude coa analizada, co obxecto de cuantificar o valor normal de mercado dos bens existente no momento de realización da operación.

Non se considerará como prezo notoriamente anómalo aquel que se xustifique pola existencia de factores económicos distintos á aplicación do imposto.

3.º Para a exixencia desta responsabilidade a Administración tributaria deberá acreditar a existen-

cia dun imposto repercutido ou que se debería ter repercutido que non foi obxecto de declaración e ingreso.

4.º Unha vez que a Administración tributaria constatase a concorrencia dos requisitos establecidos nos puntos anteriores declarará a responsabilidade conforme o disposto no artigo 41. 5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Catro. Dáselle unha nova redacción ao número 3 do artigo 23, que queda redactado como segue:

«3. Cando exista vinculación entre as partes que interveñan nunha operación suxeita ao imposto e non exenta, ou non suxeita prevista no artigo 9.8.º desta lei, a súa base imponible será o seu valor normal de mercado.

A vinculación poderase probar por calquera dos medios admitidos en dereito. Considerarase que existe vinculación nos seguintes supostos:

a) No caso de que unha das partes intervenientes sexa un suxeito pasivo do imposto sobre sociedades ou un contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non-residentes, cando así se deduza das normas reguladoras dos devanditos impostos que sexan de aplicación.

b) Nas operacións realizadas entre os suxeitos pasivos e as persoas ligadas a eles por relacións de carácter laboral ou administrativo.

c) Nas operacións realizadas entre o suxeito pasivo e o seu cónxuxe ou os seus parentes consanguíneos ata o terceiro grao inclusive.

d) Nas operacións realizadas entre unha entidade sen fins lucrativos a que se refire o artigo 2 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, sobre réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado e os seus fundadores, asociados, patróns, representantes estatutarios, membros dos órganos de goberno, os cónxuxes ou parentes ata o terceiro grao inclusive de calquera deles.

e) Nas operacións realizadas entre unha entidade que sexa empresaria ou profesional e calquera dos seus socios, asociados, membros ou partícipes.

Esta regra de valoración unicamente será aplicable cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o destinatario da operación non teña dereito a deducir totalmente o imposto correspondente a esta e a contraprestación pactada sexa inferior á que correspondería en condicións de libre competencia.

b) Cando o empresario ou profesional que realice a entrega de bens ou prestación de servizos determine as súas deducións aplicando a regra de pro rata e, tratándose dunha operación que non xere o dereito á dedución, a contraprestación pactada sexa inferior ao valor normal de mercado.

c) Cando o empresario ou profesional que realice a entrega de bens ou prestación de servizos determine as súas deducións aplicando a regra de pro rata e, tratándose dunha operación que xere o dereito á dedución, a contraprestación pactada sexa superior ao valor normal de mercado.

Para os efectos desta lei, entenderase por valor normal de mercado aquel que, para adquirir os bens ou servizos en cuestión nese mesmo momento, un destinatario, na mesma fase de comercialización en que se efectúe a entrega de bens ou prestación de servizos, lle debería pagar no territorio de aplicación do imposto en condicións de libre competencia a un provedor independente.

Cando non exista entrega de bens ou prestación de servizos comparable, entenderase por valor de mercado:

a) Con respecto ás entregas de bens, un importe igual ou superior ao prezo de adquisición dos devanditos bens ou bens similares ou, na falta de prezo de compra, ao seu prezo de custo, determinado no momento da súa entrega.

b) Con respecto ás prestacións de servizos, a totalidade dos custos que a súa prestación lle supoña ao empresario ou profesional.

Para estes efectos, será de aplicación, en canto proceda, o disposto no artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.»

Cinco. Engádeselle un novo capítulo VIII ao título III da lei, coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO VIII

Réxime especial do grupo de entidades

Artigo 58 quáter. *Delimitación do grupo de entidades.*

Un. Poderán aplicar o réxime especial do grupo de entidades os empresarios ou profesionais que formen parte dun grupo de entidades. Considerarase como grupo de entidades o formado por unha entidade dominante e as súas entidades dependentes, sempre que as sedes de actividade económica ou dos establecementos permanentes de todas e cada unha delas radiquen no territorio de aplicación do imposto.

Ningún empresario ou profesional poderá formar parte simultaneamente de máis dun grupo de entidades.

Dous. Entenderase por entidade dominante aquela que cumpra os requisitos seguintes:

a) Que teña personalidade xurídica propia.

b) Que teña unha participación, directa ou indirecta, de polo menos o 50 por cento do capital social doutra ou outras entidades.

c) Que a devandita participación se manteña durante todo o ano natural en que se aplique o réxime especial.

d) Que non sexa dependente de ningunha outra entidade establecida no territorio de aplicación do imposto que reúna os requisitos para ser considerada como dominante.

Tres. Considerarase como entidade dependente aquela que, constituíndo un empresario ou profesional distinto da entidade dominante, se atope establecida no territorio de aplicación do imposto e en que a entidade dominante posúa unha participación que reúna os requisitos contidos nas letras b) e c) do punto anterior. En ningún caso un establecemento permanente situado no territorio de aplicación do imposto poderá constituír por si mesmo unha entidade dependente.

Catro. As entidades sobre que se adquira unha participación como a definida na alínea b) do punto dous anterior integraranse no grupo de entidades con efecto desde o ano natural seguinte ao da adquisición da participación. No caso de entidades de nova creación, a integración producirase, se é o caso, desde o momento da súa constitución, sempre que se cumpran os restantes requisitos necesarios para formar parte do grupo.

Cinco. As entidades dependentes que perdan tal condición quedarán excluídas do grupo de entidades con efecto desde o período de liquidación en que se produza tal circunstancia.

Artigo 58 quinquies. *Condicións para a aplicación do réxime especial do grupo de entidades.*

Un. O réxime especial do grupo de entidades aplicarase cando así o acorden individualmente as entidades que cumpran os requisitos establecidos no artigo anterior e opten pola súa aplicación. A opción terá unha validez mínima de 3 anos, sempre que se cumpran os requisitos exixibles para a aplicación do réxime especial, e entenderase prorrogada salvo renuncia, que se efectuará conforme o disposto no artigo 58 octies.catro.1.^a desta lei. Esta renuncia terá unha validez mínima de 3 anos e efectuarase do mesmo modo.

Dous. Os acordos a que se refire o punto anterior deberán ser adoptados polos consellos de administración, ou polos órganos que exerzan unha función equivalente, das entidades respectivas antes do inicio do ano natural en que vaia resultar de aplicación o réxime especial.

Tres. As entidades que a partir deste momento se integren no grupo e decidan aplicar este réxime especial deberán cumprir as obrigas a que se refiren os puntos anteriores antes do inicio do primeiro ano natural en que o devandito réxime sexa de aplicación.

Catro. A falta de adopción en tempo e forma dos acordos a que se refiren os puntos un e dous deste artigo determinará a imposibilidade de aplicar o réxime especial do grupo de entidades por parte das entidades en que falte o acordo, sen prexuízo da súa aplicación, se é o caso, ao resto de entidades do grupo.

Cinco. O grupo de entidades poderá optar pola aplicación do disposto nos puntos un e tres do artigo 58 septies, casos en que se deberá cumprir a obriga que establece o artigo 58 octies.catro.3.^a, ambos os dous desta lei.

Esta opción referirase ao conxunto de entidades que apliquen o réxime especial e formen parte do mesmo grupo de entidades, debendo adoptarse conforme o disposto polo punto dous deste artigo.

En relación coas operacións a que se refire o artigo 58 septies.un desta lei, o exercicio desta opción suporá a facultade de renunciar ás exencións reguladas no seu artigo 10.^o 1, sen prexuízo de que resulten exentas, se é o caso, as demais operacións que realicen as entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades. O exercicio desta facultade realizarase cos requisitos, límites e condicións que se determinen regulamentariamente.

Artigo 58 sexies. *Causas determinantes da perda do réxime especial do grupo de entidades.*

Un. O réxime especial regulado neste capítulo deixarase de aplicar polas seguintes causas:

1.^a A concorrencia de calquera das circunstancias que, de acordo co establecido no artigo 53 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, determinan a aplicación do método de estimación indirecta.

2.^a O incumprimento da obriga de confección e conservación do sistema de información a que se refire o artigo 58 octies.catro.3.^a desta lei.

A non-aplicación do réxime especial regulado neste capítulo polas causas anteriormente enunciadas non impedirá a imposición, se é o caso, das sancións previstas no artigo 58 octies.sete desta lei.

Dous. O cesamento na aplicación do réxime especial do grupo de entidades que se establece no punto anterior producirá efecto no período de liquidación en que conorra algunha destas circunstan-

cias e seguintes; o total das entidades integrantes do grupo deberá cumprir o conxunto das obrigas establecidas nesta lei a partir do devandito período.

Tres. No suposto de unha entidade pertencente ao grupo se atopar ao termo de calquera período de liquidación en situación de concurso ou en proceso de liquidación, quedará excluída do réxime especial do grupo desde o devandito período. O anterior entenderase sen prexuízo de que se continúe aplicando o réxime especial ao resto de entidades que cumpra os requisitos establecidos para o efecto.

Artigo 58 septies. *Contido do réxime especial do grupo de entidades.*

Un. Cando se exerza a opción que se establece no artigo 58 quinquies.cinco desta lei, a base imponible das entregas de bens e prestacións de servizos realizadas no territorio de aplicación do imposto entre entidades dun mesmo grupo que apliquen o réxime especial regulado neste capítulo estará constituída polo custo dos bens e servizos directa ou indirectamente, total ou parcialmente, utilizados na súa realización e polos cales se soportase ou satisfíxese efectivamente o imposto ou a carga impositiva implícita. Cando os bens utilizados teñan a condición de bens de investimento, a imputación do seu custo deberase efectuar por completo dentro do período de regularización de cotas correspondentes aos devanditos bens que establece o artigo 40.^o, números 2 e 3, desta lei.

Non obstante, para os efectos do disposto nos artigos 34 a 44 e 51, a valoración destas operacións farase consonte os artigos 22 e 23 desta lei.

Dous. Cada unha das entidades do grupo actuará, nas súas operacións con entidades que non formen parte do mesmo grupo, de acordo coas regras xerais do imposto, sen que, para tal efecto, o réxime do grupo de entidades produza efecto ningún.

Tres. Cando se exerza a opción que se establece no artigo 58 quinquies.cinco desta lei, as operacións a que se refire o punto un deste artigo constituirán un sector diferenciado da actividade, ao cal se entenderán afectos os bens e servizos directa ou indirectamente, total ou parcialmente, utilizados na realización das citadas operacións e polos cales se soportase ou satisfíxese efectivamente o imposto ou a carga impositiva implícita.

Por excepción ao disposto no parágrafo 4.^o do artigo 34.^o 1 desta lei, os empresarios ou profesionais poderán deducir integramente as cotas soportadas ou satisfeitas ou a carga impositiva implícita pola adquisición ou importación de bens e servizos destinados directa ou indirectamente, total ou parcialmente, á realización destas operacións, sempre que os devanditos bens e servizos se utilicen na realización de operacións que xeren o dereito á dedución conforme o previsto no artigo 29.^o desta lei. Esta dedución practicarase en función do destino previsible dos citados bens e servizos, sen prexuízo da súa rectificación se aquel fose alterado.

Catro. O importe das cotas deducibles para cada un dos empresarios ou profesionais integrados no grupo de entidades será o que resulte da aplicación do disposto no capítulo I do título II desta lei e as regras especiais establecidas no punto anterior. Estas deducións practicáranse de forma individual cada un dos empresarios ou profesionais integrados no grupo de entidades.

Determinado o importe das cotas deducibles para cada un dos devanditos empresarios ou profesionais, serán eles os que individualmente exerzan o devandito dereito conforme o disposto nos ditos

capítulo e título salvo o disposto no artigo 33. 5 desta lei.

Non obstante, cando un empresario ou profesional inclúa o saldo a compensar que resultar dunha das súas declaracións-liquidacións individuais nunha declaración-liquidación agregada do grupo de entidades, non se poderá efectuar a compensación dese importe en ningunha declaración-liquidación individual correspondente a un período ulterior, con independencia de que resulte aplicable ou non con posterioridade o réxime especial do grupo de entidades.

Cinco. En caso de que ás operacións realizadas por algunha das entidades incluídas no grupo de entidades lles fose aplicable algún dos demais réximes especiais regulados nesta lei, as ditas operacións seguirán o réxime de deducións que lles corresponda segundo os devanditos réximes.

Artigo 58 octies. *Obrigas específicas no réxime especial do grupo de entidades.*

Un. As entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades terán as obrigas tributarias establecidas neste capítulo.

Dous. A entidade dominante terá a representación do grupo ante a Administración tributaria canaria. En tal concepto, a entidade dominante deberá cumprir as obrigas tributarias materiais e formais específicas que se derivan do réxime especial do grupo de entidades.

Tres. Tanto a entidade dominante como cada unha das entidades dependentes deberán cumprir as obrigas establecidas no artigo 59 desta lei, excepción feita do pagamento da débeda tributaria ou da solicitude de compensación ou devolución; deberá procederse, para tal efecto, conforme o disposto na obriga 2.^a do punto seguinte.

Catro. A entidade dominante, sen prexuízo do cumprimento das súas obrigas propias, e cos requisitos, límites, prazos e condicións que determine regulamentariamente o Goberno de Canarias, será responsable do cumprimento das seguintes obrigas:

1.^a Comunicarlle á Administración tributaria canaria a seguinte información:

a) O cumprimento dos requisitos exixidos, a adopción dos acordos correspondentes e a opción pola aplicación do réxime especial a que se refiren os artigos 58 quáter e quinquies desta lei.

b) A relación de entidades do grupo que apliquen o réxime especial, identificando as entidades que motiven calquera alteración na súa composición respecto á do ano anterior, se é o caso.

c) A renuncia ao réxime especial, que se deberá exercer durante o mes de decembro anterior ao inicio do ano natural en que deba producir efecto, tanto no relativo á renuncia do total de entidades que apliquen o réxime especial coma en canto ás renunciacións individuais.

d) A opción que se establece no artigo 58 quinquies.cinco desta lei.

2.^a Presentar as declaracións-liquidacións periódicas agregadas do grupo de entidades e proceder, se é o caso, ao ingreso da débeda tributaria ou á solicitude de compensación ou devolución que proceda. As devanditas declaracións-liquidacións agregadas integrarán os resultados das declaracións-liquidacións individuais das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades.

As declaracións-liquidacións periódicas agregadas do grupo de entidades deberán presentarse unha vez presentadas as declaracións-liquidacións periódicas

individuais de cada unha das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades.

O período de liquidación das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades será determinado polo Goberno de Canarias.

Cando, para un período de liquidación, a contía total dos saldos a compensar a favor das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades supere o importe dos saldos a ingresar do resto de entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades para o mesmo período de liquidación, o exceso poderá ser compensado nas declaracións-liquidacións agregadas que presenten con posterioridade, sempre que non transcorresen catro anos contados a partir da presentación da declaración-liquidación individual en que se orixine o devandito exceso.

Non obstante, o grupo de entidades poderá optar pola devolución do saldo existente ao seu favor cando resulte procedente en virtude do disposto no capítulo II do título II desta lei, sen que en tal caso poida efectuar a súa compensación en declaracións-liquidacións agregadas posteriores, calquera que sexa o período de tempo transcorrido ata que a devandita devolución se faga efectiva. Aos empresarios ou profesionais que opten por aplicar o réxime do grupo non lles será de aplicación o disposto polos artigos 45.dous e 46 desta lei.

En caso de que se deixe de aplicar o réxime especial do grupo de entidades e queden cantidades pendentes de compensación para as entidades integradas no grupo, estas cantidades imputaranse ás devanditas entidades en proporción ao volume de operacións do último ano natural en que o réxime especial fose de aplicación, aplicando para tal efecto o disposto no artigo 51 desta lei.

3.^a Dispoñer, nos termos que regulamentariamente estableza o Goberno de Canarias, dun sistema de información analítica baseado en criterios razoables de imputación dos bens e servizos adquiridos a terceiros e utilizados directa ou indirectamente, total ou parcialmente, na realización das operacións a que se refire o artigo 58 septies.un. Este sistema deberá reflectir a utilización sucesiva dos devanditos bens e servizos ata a súa aplicación final fóra do grupo.

O sistema de información deberá incluír unha memoria xustificativa dos criterios de imputación utilizados, que deberán ser homoxéneos para todas as entidades do grupo e manterse durante todos os períodos en que sexa de aplicación o réxime especial, salvo que se modifiquen por causas razoables, que se deberán xustificar na propia memoria.

Este sistema de información deberase conservar durante o prazo de prescrición do imposto.

Cinco. En caso de que algunha das entidades integradas no grupo de entidades presente unha declaración-liquidación extemporánea, aplicaranse as recargas e xuros que, se é o caso, procedan conforme o artigo 27 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen que para tales efectos teña incidencia ningunha o feito de que se incluíse orixinalmente o saldo da devandita declaración-liquidación, se é o caso, nunha declaración-liquidación agregada do grupo de entidades.

Cando a declaración-liquidación agregada correspondente ao grupo de entidades se presente extemporaneamente, as recargas que establece o artigo 27 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, aplicaranse sobre o seu resultado, sendo responsable do seu ingreso a entidade dominante. As demais entidades do grupo responderán solidariamente con ela polas devanditas recargas.

Seis. As entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades responderán solidariamente do pagamento da débeda tributaria derivada deste réxime especial.

Sete. O non-mantemento ou non-conservación do sistema de información a que se refire a obriga 3.^a do punto catro será considerado como infracción tributaria grave da entidade dominante. A sanción consistirá en multa pecuniaria proporcional do 2 por cento do volume de operacións do grupo.

As inexactitudes ou omisións no sistema de información a que se refire a obriga 3.^a do punto catro serán consideradas como infracción tributaria grave da entidade dominante. A sanción consistirá en multa pecuniaria proporcional do 10 por cento do importe dos bens e servizos adquiridos a terceiros a que se refira a información inexacta ou omitida.

De acordo co disposto no punto 3 do artigo 180 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as sancións previstas nos dous parágrafos anteriores serán compatibles coas que procedan pola aplicación dos artigos 191, 193, 194 e 195 da devandita lei. A imposición das sancións establecidas neste punto impedirá a cualificación das infraccións tipificadas nos artigos 191 e 193 da devandita lei como graves ou moi graves polo non-mantemento, mantemento incorrecto ou non-conservación do sistema de información a que se refire a obriga 3.^a do punto catro.

A entidade dominante será suxeito infractor polos incumprimentos das obrigas específicas do réxime especial do grupo de entidades. As demais entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades responderán solidariamente do pagamento destas sancións.

As entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades responderán das infraccións derivadas dos incumprimentos das súas propias obrigas tributarias.

Oito. As actuacións dirixidas a comprobar o axeitado cumprimento das obrigas das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades entenderanse coa súa entidade dominante, como representante. Igualmente, as actuacións poderanse entender coas entidades dependentes, que deberán atender a Administración tributaria.

As actuacións de comprobación ou investigación realizadas a calquera entidade do grupo de entidades interromperán o prazo de prescrición do imposto referente ao total de entidades do grupo desde o momento en que a entidade dominante teña coñecemento formal destas.

As actas e liquidacións que deriven da comprobación deste réxime especial estenderanse á entidade dominante.

Entenderase que concorre a circunstancia de especial complexidade prevista no artigo 150.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cando se aplique este réxime especial.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do blanqueo de capitais.*

Modifícase o punto 1 do artigo 2 da Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do blanqueo de capitais, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Quedarán suxeitos ás obrigas establecidas nesta lei:

- a) As entidades de crédito.
- b) As entidades aseguradoras autorizadas para operar no ramo de vida e os axentes de seguros

cando actúen en relación con seguros de vida ou outros servizos relacionados co investimento.

c) As sociedades e axencias de valores.

d) As sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e as sociedades de investimento colectivo cuxa xestión non lle estea encomendada a unha sociedade xestora.

e) As entidades xestoras de fondos de pensións.

f) As sociedades xestoras de carteira.

g) As sociedades xestoras de entidades de capital-risco e as sociedades de capital-risco cuxa xestión non lle estea encomendada a unha sociedade xestora.

h) As sociedades de garantía recíproca.

i) As sociedades emisoras de tarxetas de crédito.

j) As persoas físicas ou xurídicas que exerzan actividade de cambio de moeda ou xestión de transferencias, con inclusión das actividades de xiro ou transferencia internacional realizadas polos servizos postais.

Entenderanse comprendidas entre as anteriores as persoas ou entidades estranxeiras que, a través de sucursais ou mediante prestación de servizos sen establecemento permanente, desenvolvan en España actividades de igual natureza ca as das persoas ou entidades anteriormente citadas.

Os suxeitos obrigados quedarán, así mesmo, sometidos ás obrigas establecidas nesta lei respecto das operacións realizadas a través de axentes ou outras persoas físicas ou xurídicas que actúen como intermediarios daqueles.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía.*

Con efectos a partir da entrada en vigor desta lei modifícase o punto 2 do artigo 44 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, que queda redactado como segue:

«2. A competencia normativa poderase exercer ben en todos os produtos gravados ben só nalgúns deles.

Cando se trate de gasóleo de uso xeral, as comunidades autónomas poderán non exercer, en todo ou en parte, a competencia normativa en relación co gasóleo a que resulte aplicable a devolución do imposto sobre hidrocarburos establecida no artigo 52 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais. En tal caso, a non-aplicación total ou parcial do tipo de gravame autonómico revestirá a forma de devolución parcial do imposto previamente satisfeito respecto do referido gasóleo, nos termos que estableza a normativa reguladora do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos. No suposto indicado a comunidade autónoma fixará o tipo de devolución, cuxo importe non poderá exceder o importe do tipo de gravame autonómico a que tributase o indicado gasóleo.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social e fixación de normas complementarias.*

Un. Con efectos a partir da entrada en vigor desta lei introdúcense as seguintes modificacións no artigo 9 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social:

1. Queda derogada a alínea e) do punto 1 do número seis.

2. Introdúcese un número seis bis coa seguinte redacción:

«Seis bis. Devolución das cotas correspondentes á aplicación do tipo autonómico respecto do gasóleo de uso profesional.

1. a) As comunidades autónomas que fixasen un tipo de gravame autonómico para o gasóleo de uso xeral poderán non aplicar o devandito tipo en todo ou en parte, nas condicións establecidas neste número, ao gasóleo de uso xeral que fose utilizado como carburante no motor dos vehículos descritos no punto 3 seguinte e respecto do cal sexa aplicable a devolución do imposto sobre hidrocarburos regulada no artigo 52 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

b) A non-aplicación do devandito tipo a que se refire o parágrafo anterior levarase a cabo mediante a devolución total ou parcial das cotas do imposto satisfeitas ou soportadas pola aplicación deste ao referido gasóleo.

2. Os beneficiarios da devolución serán os titulares dos vehículos citados no punto 3 seguinte.

3. Os vehículos a que se refiren os puntos 1 e 2 son os seguintes:

a) Os vehículos de motor ou conxuntos de vehículos acoplados destinados exclusivamente ao transporte de mercadorías por estrada, por conta allea ou por conta propia, e cun peso máximo autorizado igual ou superior a 7,5 toneladas.

b) Os vehículos de motor destinados ao transporte de pasaxeiros, regular ou ocasional, incluídos nas categorías M2 ou M3 das establecidas na Directiva 70/156/CEE do Consello, do 6 de febreiro de 1970, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre a homologación dos vehículos de motor e dos seus remolques.

c) Os taxis. Para estes efectos enténdese por taxi o turismo destinado ao servizo público de viaxeiros baixo licenza municipal e provisto de aparello taxímetro.

4. Os titulares dos vehículos mencionados no punto anterior deberanse atopar en posesión do correspondente título administrativo que habilite, se é o caso, para o exercicio da actividade, de acordo co previsto na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e na súa normativa de desenvolvemento. Igualmente, os indicados titulares deberanse atopar en posesión dos permisos e autorizacións precisos para o exercicio da súa actividade que deban expedir as autoridades autonómicas ou locais.

Cando se trate de titulares non residentes en territorio español con residencia ou establecemento permanente no resto do territorio da Unión Europea, deberanse atopar en posesión das autorizacións administrativas que estableza a normativa do

respectivo Estado membro para o exercicio da actividade correspondente.

5. A base da devolución estará constituída polo volume de gasóleo que fose adquirido polo interesado en cada comunidade autónoma e destinado á súa utilización como carburante nos vehículos mencionados no punto 3 anterior, expresado en miles de litros.

6. a) O tipo da devolución fixarao a comunidade autónoma, expresarase en euros por 1.000 litros e o seu importe non excederá o do tipo autonómico establecido para o gasóleo de uso xeral.

b) A contía máxima da devolución que se vaia percibir non excederá a que correspondería a 50.000 litros por vehículo e ano, salvo que se trate de taxis, caso en que a contía máxima da devolución non excederá a que correspondería a 5.000 litros por taxi e ano. Estes límites fraccionaranse, se é o caso, de acordo co previsto no punto 6 do artigo 52 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

7. O procedemento para a práctica da devolución establecerao a comunidade autónoma e poderán comprender, entre outros, os seguintes aspectos:

a) A obriga de que os interesados se inscriban nun rexistro específico e de que presenten declaracións tributarias comprensivas dos datos da súa actividade que sexan relevantes para a xestión e comprobación da devolución.

b) A obriga de que os interesados utilicen medios de pagamento específicos para a adquisición do gasóleo respecto do cal soliciten a devolución. Nos casos en que se estableza, a utilización obrigatoria de medios de pagamento específicos para a adquisición do gasóleo respecto do cal se solicite a devolución terá a consideración de declaración tributaria por medio da cal se solicita a devolución.

c) A obriga, para as entidades emisoras dos referidos medios de pagamento específicos e para os vendedores de gasóleo que os acepten, de lle proporcionar á Administración tributaria a información derivada da utilización destes polos solicitantes da devolución.»

Dous. Mentres as funcións inherentes á xestión do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos continúen sendo exercidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a devolución do imposto a que se refire o punto seis bis do artigo 9 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, será practicada pola devandita axencia polo procedemento que estableza o ministro de Economía e Facenda.

Tres. As comunidades autónomas que establezan un tipo impositivo autonómico para o gasóleo de uso xeral que exceda os 24 euros por 1.000 litros e que establezan a devolución do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos a que se refire o número seis bis do artigo 9 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, percibirán unha compensación do Estado na forma que determine o ministro de Economía e Facenda.

O importe desta compensación será igual ao resultado de multiplicar os miles de litros que constituísen a suma das bases da referida devolución na respectiva comunidade autónoma durante o ano 2007 por un importe en euros igual ao resultado de restar 24 do importe do tipo da devolución fixado pola comunidade autónoma que resultase aplicable ás devanditas bases.

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei

Madrid, 29 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

20846 REAL DECRETO 1332/2006, do 21 de novembro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do Documento Único Electrónico (DUE) para a constitución e posta en marcha de sociedades de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática. («BOE» 286, do 30-11-2006.)

A experiencia adquirida na xestión do sistema de tramitación telemática da sociedade limitada nova empresa permite ampliar este sistema de constitución telemática a outras formas societarias distintas.

Esta posibilidade xa aparece prevista na disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, introducida pola Lei 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada nova empresa, que prevé que regulamentariamente se establezan as especificacións e condicións para o emprego do Documento Único Electrónico (DUE) para a constitución de calquera forma societaria.

A principal especialidade da regulación que contén este real decreto fundaméntase na diferente regulación da denominación da sociedade, pois non existen para esta forma societaria os límites que establece o artigo 131 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, e, conseguintemente, é posible que os socios opten por unha denominación subxectiva ou razón social, ou por unha denominación obxectiva. Esta denominación social poderase obter polos medios legalmente establecidos.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza e de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de novembro de 2006,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación da disposición.*

1. Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación das especificacións e condicións para o emprego do DUE, para os efectos da constitución e posta en marcha de sociedades de responsabilidade limitada.

2. As disposicións contidas neste real decreto non alteran as normas relativas á tramitación administrativa

non telemática para a constitución e posta en marcha das sociedades a que se fai referencia no punto anterior.

3. O disposto nos puntos anteriores entenderase sen prexuízo do emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos que en materia de sinatura e envío de documentos puidesen establecer as diferentes administracións públicas e os organismos públicos e entidades vinculadas ou dependentes delas.

Artigo 2. *Obtención da reserva de denominación.*

Os que desexen constituír unha sociedade de responsabilidade limitada deberán previamente obter unha certificación negativa de denominación conforme o establecido no Regulamento do Rexistro Mercantil. A devandita certificación tamén se poderá obter nos termos previstos no artigo 140.4 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada. Así mesmo, deberá presentar a devandita certificación, dentro do período de vixencia da correspondente reserva temporal de denominación, ante o Punto de Asesoramento e Inicio de Tramitación (PAIT) e ante o notario autorizante da escritura de constitución.

CAPÍTULO II

Documento Único Electrónico (DUE)

Artigo 3. *Natureza e contido do DUE.*

1. O DUE é un instrumento de natureza telemática regulado no Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, no cal se poderán incluír todos os datos referentes á sociedade de responsabilidade limitada que, de acordo coa lexislación aplicable, se lles deben remitir aos rexistros xurídicos e ás administracións públicas competentes para a constitución da sociedade e para o cumprimento das obrigas en materia tributaria e de seguraza social inherentes ao inicio da súa actividade sempre e cando estes se remitan por medios telemáticos.

2. O DUE conterá dous tipos de datos:

a) Datos básicos, que se deberán cumprir no momento en que se dá inicio á tramitación e que serán, para a sociedade de responsabilidade limitada, os establecidos no anexo I do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, coas especialidades establecidas no artigo 5 deste real decreto, así como todos aqueles que resulten necesarios para cumprir os trámites para levar a cabo a realización do DUE segundo a lexislación vixente en cada momento.

b) Datos que deberán incorporar en cada fase da tramitación o notario autorizante da escritura pública de constitución da sociedade de responsabilidade limitada, os encargados dos rexistros xurídicos e as administracións públicas competentes para a constitución da sociedade e para o cumprimento das obrigas en materia tributaria e de seguridade social inherentes ao inicio da súa actividade. Estes datos serán os establecidos no anexo II do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, salvo no referente á denominación social, que será a que fose obxecto da reserva temporal de denominación, segundo o artigo 412 do Regulamento do Rexistro Mercantil, e salvo no referente á presentación de declaración de alta no imposto sobre actividades económicas.